

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO
ACTA NUMERO: 2007/16
CARACTER: ORDINARIO

CONVOCATORIA: Primeira.
DATA: 12 de novembro de 2007.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e cinco minutos do día **12 de novembro de 2007** reuniuse o Pleno do Concello en sesión convocado ao efecto con carácter **ORDINARIO** ,baixo a presidencia do Sr.Alcalde D. Fernando SUAREZ BARCIA e coa asistencia das persoas que á marxe se indican:

Presidente:

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde-BNG)

Concelleiros presentes na sesión:

B.N.G.

D. Vicente Castro Reigosa
Dona Mari Luz Alvarez Lastra
D.Horacio Cupeiro Rodriguez

P.P.

D.José Carlos Rodríguez Andina
D. José Duarte Díaz
Dona Begoña Sanjurjo Santar
D.Jesús López Penabad

PSG-PSOE

D. Balbino E.Pérez Vacas.
D. Carlos Pérez Méndez.
Dona María José Rodríguez Arca

U.P.R.I.

D.Francisco Rivas Alvarez
D.Agustín Reymondez Gancedo.

Secretario Xeral:

D.Manuel J. Díaz Sánchez.

Interventora:

Dona Maria José Vázquez Rigueira.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde.

2007/01/72.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DAS SESIÓNS ANTERIORES ORDINARIA DE 17 DE SETEMBRO E EXTRAORDINARIA E URXENCIA DE 24 DE OUTUBRO DE 2007.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias dos borradores das actas correspondentes ás sesións de datas 17 de setembro e 24 de outubro de 2007, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlles a súa aprobación sen modificación, adición ou enmenda algunha.

2007/02/73.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE A NUMERO 188/2007 DE 5 DE SETEMBRO Á NÚMERO 220/2007 DE 18 DE OUTUBRO DE 2007.

Dada conta das resolucións epigrafiadas iniciase deliberación.

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que efectúa preguntas sobre varios dos Decretos facendo referencia en primeiro lugar a que lle chama a atención en relación a outros gastos, un de 18 de setembro de 2007 cun gasto informático xa que seis cartuchos en cor e un negro suponen 742,40 euros e lle parece excesivo.

Por parte da Alcaldía respóntase que se trata de cartuchos laser-cor, de tóner e que non son de tinta.

En segundo lugar o Sr.Rivas Alvarez refírese á factura num. 1506 de 27 de setembro de intereses de facturas pendentes de pago a BEGASA por importe de 105,48 euros, e pregunta se non se pagou en tempo.

Por parte do Sr.Alcalde pregúntase á Interventora da Entidade, e seguidamente contesta que sí, que se trata de intereses.

Pregunta a continuación o Sr.Rivas Alvarez por unha factura de Ollomol sobre montaxe e desmontaxe do Campus de Baloncesto e se é a empresa a que contrata ao persoal.

Contesta o Sr.Castro Reigosa como Concelleiro Delegado, que hai un contrato pero estaba vencido e como había partida suficiente dentro do presuposto do Campus se lle deu cabida e explica que hai unhas porcentaxes segundo a participación dos rapaces e que había 4.000 e pico euros de dedución, polo que tiña cabida dentro da partida.

Pregunta a continuación o Sr.Rivas Alvarez por un Decreto de 5 de outubro de 2007 de 41.426, 29 euros dos que 26.000 son de cultura, considera que é un gasto excesivo e que se ven repetindo e que lle parece que co que se leva gastado en iluminación e magafonía xa se podería comprar un equipo.

O Sr.Alcalde resposta ao Sr.Rivas Alvarez que xa se debateu noutros Plenos sobre este asunto e que se quere que conste en acta, e o Sr.Rivas Alvarez pide que efectivamente conste en acta o que dí de que se podería comprar un equipo co que se leva gastado.

O Sr.Alcalde asimesmo dí que non se preocupe o Sr.Rivas Alvarez que este Goberno está embarcado en varios sentidos, pero aparte diso tamén pretenden reducir o gasto corrente, e o Sr.Rivas Alvarez pola súa parte dí, que non se nota de momento.

Pregunta a continuación o Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista sobre a factura 1433 que é un Decreto relativo a Xardíns San Xillao de 4.967 euros, de traballos de plantación e mantemento no Campo de Fútbol, e pregunta se hai contrato para elo.

Resposta o Sr. Concelleiro Delegado don Vicente Castro Reigosa que foi a empresa que levou a cabo o sementado e os traballos de mantemento e plantación dun seto exterior de leylands, en parte con cargo ao Plan Leader, e hai unha parte que non cubriu o Leader e houbo árbores roubadas que houbo que reparar.

Pregunta o Sr. Pérez Vacas polo motivo de que se adxudicase a esta empresa, e o Sr. Concelleiro Delegado dí que xa foi a empresa que o fixo e sen ningún outro motivo.

Intervén o Sr. Alcalde que dí que a factura é de 3 de maio de 2007 cando o Sr. Pérez Vacas era Alcalde de Ribadeo e que son facturas menores e non fai falta o contrato porque é de menos de 12.000 euros.

O Sr. Concelleiro Delegado dí que foi aprobada e na Xunta de Goberno Local habendo partida orzamentaria.

Seguidamente pregunta o Sr. Pérez Vacas pola factura número 1364 correspondente á merenda para xogadores da 56 Edición do Trofeo Enma Cuervo, por importe de 600 euros, e pregunta a que xogadores.

Por parte do Sr. Concelleiro Delegado se responde que foron os do Rácing de Ferrol e que entra dentro do presuposto e que saíron ben baratos.

Sen máis deliberación o Pleno municipal dase por enterado do contido dos Decretos epigrafiados.-

2007/3/74.- ORZAMENTO XERAL PARA O PRESENTE EXERCICIO 2007.

Dase conta, en síntese do Dictame da Comisión Informativa que se transcribe a continuación:

“Obra no expediente a proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Formado por esta Alcaldía-Presidencia o Orzamento da Entidade local para o exercicio de 2007, tal e como establece o artigo 168 do Real Decreto 2/2004, de 5 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ao que se une a documentación complementaria expresada no referido artigo; sometido á informe de Intervención e Secretaría, se somete a ditame da Comisión de Facenda e Contas coa seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral para o exercicio 2007, có seguinte resumen por capítulos en ingresos e gastos:

<u>Estado de Ingresos</u>	
Capítulo 1, Impostos directos.....	1.793.000,00
Capítulo 2, Impostos indirectos:	230.000,00
Capítulo 3, Taxas e outros ingresos:.....	2.209.862,04
Capítulo 4, Transferencias correntes:.....	3.400.522,01
Capítulo 5, Ingresos patrimoniais:	11.200,00
Capítulo 6, Alleamento de inversións reais.	0,00
Capítulo 7, Transferencias de capital:	936.476,18
Capítulo 8, Activos financeiros:	27.811,14
Capítulo 9, Pasivos financeiros:	0,00
Suman total os ingresos:	8.608.871,37

Estado de Gastos

Capítulo 1, Gastos de persoal:.....	3.687.464,11
Capítulo 2, Compra de bens correntes e de servizos:	2.440.801,22
Capítulo 3, Gastos financeiros:	141.950,00
Capítulo 4, Transferencias correntes:.....	108.435,49
Capítulo 6, Inversións reais:	1.520.993,04
Capítulo 7, Transferencias de capital:	256.148,45
Capítulo 8, Activos financeiros:	27.811,14
Capítulo 9, Pasivos financeiros:	425.267,92
 Suman total os gastos:	 8.608.871,37

Segundo.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento, integradas por sesenta artigos, dúas disposicións adicionais e dúas disposicións finais.

Terceiro.- Aprobar a plantiña de persoal comprensiva de tódolos postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, nos termos en que aparece no Anexo de Persoal do Orzamento,

Cuarto.- Expor ao público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha.

Quinto.- Remitir copia do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004.”

Iniciase deliberación intervindo o Sr.Castro Reigosa como Concelleiro Delegado de Economía e Facenda que procede a explicar as características xerais do orzamento facendo fincapé en que ten un carácter de orzamento liquidativo, que supón un incremento respecto ao do ano 2006 e explica asimesmo as principais diferencias, facendo referencia expresa a que o incremento de gasto de persoal en grande parte se debe ás brigadas subvencionadas pola Xunta, e á fixeza dos laborais eventuais como consecuencia da oferta de emprego pública executada.

Refírese tamén ao intento de aforro no gasto corrente que se ten levado a cabo así como aos investimentos previstos no presuposto nos que se produce un lixeiro incremento e menciona as rúas con financiación plurianual , as liquidacións de rúas, as obras do Pavillón Polideportivo, os vestiarios do Campo de Fútbol de Ribadeo e na Devesa, o aboamento dos asfaltados rurais realizados entre 2006 e 2007, a compra da Estación vella de Autobuses e as obras en Couxela subvencionadas polo Plan Leader.

Volta a reitera o Sr.Concelleiro Delegado o carácter liquidatorio e sinala que o 50 % do orzamento corresponde realmente a dous equipos de goberno diferentes, e que cede a palabra aos Grupos Municipais.

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez que fai diversas consideracións e formula unha serie de cuestións respecto a gastos do presuposto que son contestadas polo Sr.Concelleiro Delegado.

Toda vez que polos Sres.Concelleiros se manifesta que teñen que formular moitas preguntas o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular pide ao goberno municipal que se lles presente un exemplar “completo” como o que dispón o Concelleiro Delegado, aínda que non bota nada en cara porque sempre se facía así.

Deliberase sobre o particular e o Sr.Alcalde dí que non teñen nada que ocultar e que non miran o pasado e se queren ese exemplar con todos os datos o considera perfecto.

O Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista sinala que considera que o cambio é positivo e froito do consenso.

O Sr.Alcalde sinala que lles van a dar unha copia a cada Grupo, como nunca se fixo por primeira vez na historia democrática deste Concello.

Toda vez que polo Sr.Pérez Vacas se efectúa unha pregunta sobre se se participou no clube da España Verde o Sr.Alcalde manifesta que o Concello ten que afrontar un pago a SGAE de gran importancia derivado de varios mandatos, así como que ten que facer outra xestión con SOGAMA que ten interposto un recurso fronte ao Concello.

O Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista dí que se reserva para o Pleno.

Incidentalmente por parte do Sr.Rodríguez Andina se pregunta sobre a cuestión da incorporación dos remanentes do ano 2006 , o que é contestado polo Sr.Concelleiro Delegado, así como efectúa a consideración de que é un presuposto un pouco desequilibrado , e que o considera inflado e pon o exemplo do que se pensa recadar por ICIO e fai mención dunha declaración da Alcaldía, precisando o Sr.Concelleiro Delegado de Facenda que non era correcta a observación do Alcalde e que se refería á taxa por licencias urbanísticas.

O Sr.Rodríguez Andina manifesta tamén que se vai reservar para o Pleno xa que teñen únicamente a documentación dende o Luns.

O Sr.Alcalde conclúe a deliberación sinalando que e un presuposto liquidatorio e que o ben e mal feito xa está realizado e a maioría do que se pode reflectir no PResuposto xa foi a Pleno, e se adoptaron os compromisos, e fai referencia o investimento da Rúa Ramón Gonzalez, ARI, etc.Que considera que é importante , que leva unha proposta, e que cada grupo fará o que queira, pero que quere que salga adiante polas inversión comprometidas e que nonb se pode comenza unha espiral en barrena que sería peor respecto ós provedores e que o seu grupo se compromete a reducir o gasto corrente, reiterando que é importante que salga aprobado o presuposto polos investimentos vencellados ó mesmo.

De seguido por dous votos a favor (dos dous membros do Grupo do BNG)e cinco abstencións (dos membros dos Grupos Municipais do PP,PSOE e UPRI) dictaminase favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal dos acordos seguintes:

Primeiro.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral para o exercicio 2007, có seguinte resumen por capítulos en ingresos e gastos:

<u>Estado de Ingresos</u>	
Capítulo 1, Impostos directos.....	1.793.000,00
Capítulo 2, Impostos indirectos:	230.000,00
Capítulo 3, Taxas e outros ingresos:.....	2.209.862,04
Capítulo 4, Transferencias correntes:.....	3.400.522,01
Capítulo 5, Ingresos patrimoniais:	11.200,00
Capítulo 6, Alleamento de inversións reais.	0,00
Capítulo 7, Transferencias de capital:	936.476,18
Capítulo 8, Activos financeiros:	27.811,14
Capítulo 9, Pasivos financeiros:	0,00
 Suman total os ingresos:	 8.608.871,37

Estado de Gastos

Capítulo 1, Gastos de persoal:.....	3.687.464,11
Capítulo 2, Compra de bens correntes e de servizos:	2.440.801,22
Capítulo 3, Gastos financeiros:	141.950,00
Capítulo 4, Transferencias correntes:.....	108.435,49
Capítulo 6, Inversións reais:	1.520.993,04
Capítulo 7, Transferencias de capital:	256.148,45
Capítulo 8, Activos financeiros:	27.811,14
Capítulo 9, Pasivos financeiros:	425.267,92
 Suman total os gastos:	 8.608.871,37

Segundo.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento, integradas por sesenta artigos, dúas disposicións adicionais e dúas disposicións finais.

Terceiro.- Aprobar a plantiña de persoal comprensiva de tódolos postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, nos termos en que aparece no Anexo de Persoal do Orzamento,

Cuarto.- Expor ao público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha.

Quinto.- Remitir copia do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004. “”

Iníciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Concelleiro Delegado que manifesta que reitera os comentarios feitos na Comisión de Facenda, que é practicamente un presuposto liquidatorio, recollendo a realidade, que é un presuposto de dous grupos de goberno, aínda que anteriormente estaba tamén o seu Grupo e que contempla todo o gasto xenerado que é gasto de conceptos correntes e os demais viñeron ao Pleno, como o caso das rúas para a súa aprobación ou foi aprobado en Xunta de Goberno.

Prosegue sinalando que fixeron un esforzo dentro do posible de aforro, de redución do gasto corrente, e isto ao fin e ao cabo se reflecta nos gastos deste presuposto, que a pesar de ser un 7,8 % maior, reduciuse levemente o gasto corrente.

Manifesta que perto de 600.000 euros de persoal que se incrementa se debe tanto ás brigadas do Plan de Cooperación, como ao incremento no 2 % e ao traspaso a laboral fixo do persoal eventual, e que debe significar que neste asunto do gasto de persoal as brigadas son subvencionadas ao cento por cento pola Xunta, así como outras partidas de gasto corrente que están financiadas pola Xunta e fai referencia a outras partidas importantes como son o incremento das transferencias correntes de 144.000 euros, do investimento con transferencias de capital recibidas para Inversións reais que aumentan e istos son datos, pero como xa se sinalaba no informe da Comisión Informativa é importante pola cantidade de partidas de inversión que non contaban con partida no ano 2006 e correrían o risco de perderse e que está no límite de xustificación.

Intervén a continuación o Sr.Rivas Alvarez do Grupo de UPRI que dí que vai formular unha serie de preguntas pero é de agradecer por primeira vez que veña o presuposto completo o que honra ao equipo de goberno; e que quere referirse na pax. 45 de Gastos, en que aparece o seguro colexiado do arquitecto municipal e do do ARI , importante un- 1.100 euros e outro 3.000, e se pregunta se teñen responsabilidades distintas.

Polo Sr.Alcalde se contesta que cree que é que a un llo paga o Concello íntegramente e outro non, e sabe que é unha situación que se viña producindo.

Por Secretaría se sinala que probablemente responda á responsabilidade sobre proxectos privados que ten o arquitecto do ARI.

Pregunta asimesmo o Sr.Rivas Alvarez respecto á pax. 62, as subvencións nominativas a Centros de Ensino, sinalando que o Colexio Sagrado Corazón ten unha de 400 euros e o Gregorio Sanz de 1.900 euros, e pregunta pola razón.

Pola Sra.Concelleira Delegada de Cultura se dí que é en función das actividades e segundo o proxecto que fixeron, e que é a primeira vez que o Sagrado Corazón tiña presentado un proxecto, e que hai un matiz de diferenza e que un é público e outro é concertado, e que nunca tivo subvencion o Sagrado Corazón, ata o ano pasado.

Pregunta tamén o Sr.Rivas Alvarez sobre un gasto previsto na pax. 67 do Mercado de Nadal que se imputa a Deportes, con 5.000 euros e considera que non debería ir ahí.

O Sr.Concelleiro Delegado de Facenda Sr.Castro Reigosa contesta que sempre figurou ahí e se deixou na súa ubicación, e que trataron de mover partidas pero iso creaba problemas.

Tamén pregunta o Sr.Rivas Alvarez polos traballos de divulgación da Rede Natura que figuran na pax. 74 , respostando o Sr.Concelleiro Delegado de Medio Ambiente don Horacio Cupeiro Rodríguez que se está a facer charlas divulgativas polas parroquias e que se conta cunha subvención.

Seguidamente pregunta o Sr.Rivas Alvarez polo anexo de investimentos e fai referencia á fase III da rúa San Miguel, cun importe de 29.652 euros e un modificado por importe de 37.297,60 euros, e pregunta como pode ser que importe máis o modificado que a obra.

Por parte do Sr.Alcalde se pregunta se é o modificado desta obra e o Sr.Concelleiro Delegado dí que o modificado é o Convenio con subvención e o Sr.Alcalde explica que esa nova fase se fai cun sobranse do Convenio de fachadas de Ribadeo e Rinlo, e que se pediu que se traspasara.

Sinala asimesmo o Sr.Rivas Alvarez para rematar, que o presuposto é liquidatorio efectivamente e que da idea do traballo realizado por este equipo de goberno e que debía ser o primeiro que realizasen en vez de ponerse o soldo e contratar unha secretaria, e que é un presuposto irreal, inflado, e que prevé 20.000 euros de ximnasia nas parroquias cando no ano 2006 foron 8.360 euros, e se refire aos reducidos ingresos das escolas , a previsión do ICIO e que respecto ao que sinala no informe de Intervención se desprende que o presuposto non foi presentado en prazo como cabe, que se fai caso omiso ás recomendacións, e que únicamente se están reflectindo as obrigas e dereitos recoñecidos pero non se compensa o remanente negativo, e que a situación económica do Concello é complicada, e os ingresos de Tesourería son moito menores existindo un desequilibrio real entre ingresos e gastos, que cifra en 6,5 millóns de ingresos para 8.000.000 de gastos, e hai retrasos de ata 3 anos nos pagos, e debería facerse un esforzo de redución de gasto corrente no exercicio e entre todos deben tratar de solucionar.

Remata sinalando que quere felicitar de todas formas ao equipo de goberno respecto ao presuposto completo porque é o camiño, e tamén fai referencia o Sr.Rivas Alvarez a que haxa unha mellora na eficacia recadatoria, e que UPRI participa realmente nun 50 % da vixencia do presuposto.

Prosegue afirmando o Sr.Rivas Alvarez que as partidas de gastos diversos suman 457.400 euros e que os gastos en Cultura lle parecen excesivos en relación coa situación do Concello e que se considera o que se gasta en Cultura, xa que de Luarca a Viveiro é que ten as peores festas, Ribadeo, e iso hai que tratar de melloralo.

O Sr.Alcalde contesta ao Sr.Rivas Alvarez que non confunda a Cultura coas Festas. O Sr.Rivas Alvarez á súa vez dí que de Cultura saen as subvencións para as festas patronais e das parroquias e que considera que aínda que é un presuposto liquidación debe sair adiante polas inversións plurianuais, como xa dixo o Concelleiro Delegado e que a súa elaboración feita por un Asesor da Deputación Provincial, e está en castelán, e dí pouco, e nembargantes hai un exemplar completo o que é de agradecer.

O Sr.Alcalde dí que ademáis de Asesor é Concelleiro da equipa de goberno.

Prosegue o Sr.Rivas Alvarez do Grupo de UPRI manifestándose que se vai abster aínda que con razóns máis que suficientes para votar en contra.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista que sinala que vai facer ao revés, manifestando a abstención antes de explicar porqué; que lle corresponde a responsabilidade ata o mes de maio, e que é un presuposto liquidatorio e non pretende en absoluto o Grupo Socialista que os investimentos na Vila se vexan afectados, e que difire en que se axuste á realidade contable xa que é o presuposto máis alto da historia, case un 8 % máis que en 2006 e políticamente corresponde ao goberno actual e que entre outros asuntos prioritarios debería ter sido a elaboración do presuposto antes da data e que debería debatirse o do 2008, e que non vai entrar en partidas porque todos diverxerían respecto a que partidas e manifesta que se se van abster é por un exercicio de responsabilidade polos 6 meses do seu goberno, e porque debe asumir o resto o actual goberno municipal.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que tamén se vai abster, pero non se vai privar de facer unha crítica bastante exhaustiva a este presuposto, e que é un mal presuposto, e é unha liquidación de resultados, e que en calquera outra situación o Partido Popular votaría en contra, e o ano que ven votaría en contra, e ten que dicir que é un presuposto malo e é un presuposto sen acordo e sen negociación ou contacto, dun Grupo que con 4 concelleiros que trae un presuposto , que ía dicir o mesmo, e que todos coinciden e se alegra de que coincidan os tres grupos da oposición, de obrar con responsabilidade, pero se alguén se lle ocorre pensar o contrario houbera sido importante o que sucedería, porque este goberno municipal ten que asumir que ten 4 concelleiros e non 7 , e que pense na desfeita que se podería producir no Pleno. Prosegue sinalando que o seu Grupo se absterá por responsabilidade e para non perder investimentos e que non se fagan obras, pero esta desfeita non é a súa responsabilidade, é unha responsabilidade como Grupo pola que se absteñen pero non por todo isto, e vai cambiar o discurso respecto aos outros portavoces, e como gobernou aquí van facer unha serie de comparacións.

De seguido procede o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular a comparar o presuposto do ano 2002 co do ano 2007, sinalando que tanto o Concelleiro Delegado como o Sr.Alcalde se refiren ao esforzo do aforro en gasto corrente, e cando xa gobernaba o Concelleiro que está a falar, xa a Interventora lles reñía polo incremento do gasto corrente e agora se se fai unha comparación co presuposto do ano 2002,e naquel entre persoal e gasto corrente representaban 63 euros de cada 100, e hoxe representantan 69 de cada 100, e iso que dín que aforran en gasto corrente, e iso non o hai nin de broma e iso son números do equipo de goberno; que non poden presumir de aforrar en gasto corrente e ademáis xa o dí Intervención e antes falaban de presupostos nefastos e terroríficos do Partido Popular e agora lle dín que están nelo, no aforro, pero nos catro anos anteriores tamen gobernaron e non houbo aforro.

Prosegue sinalando o Sr.Rodríguez Andina que respecto a investimentos no ano 2002 representaban o 25 % e agora representan o 20 % e baixan en inversión e incrementan en gasto corrente, e ten que reiterar o de mal presuposto; se se vai polo miúdo, en órganos de goberno, os gastos diversos son 63.000 euros e deles 7.500 euros para atención protocolarias, en Administración Xeral 47.000 euros de gratificacións, en comunicacións 65.450 euros, que é multiplicar por catro o do ano 2002, e pregunta se recorda algún a broma do teléfono do Sr.Valín Valdés, agora que multiplican o gasto por catro; en Acción Social se multiplica por tres

respecto ao ano 2002 os gastos diversos sen explicar, e se van á pax. 25 aparecen 47.588 euros e os gastos diversos explican alí polos gastos diversos co cal queda xa claramente especificado.

Fai igualmente referencia, o Sr.Rodríguez Andina, a que no presuposto hai moitos gastos diversos e prosegue sinalando que hai cousas que teñen mala explicación, e por exemplo no ARI, en Urbanismo, no ano 2002 a previsión de gasto era de 180.000 euros e agora no 2007 é de 22.801 euros, e respecto ás vivendas do ARI no ano 2002, 360.000 euros e agora no 2007, 121.000 euros, sinalando que polo tanto a cousa está fácil de comparar.

Refírese tamén o Sr.Rodríguez Andina a que en Cultura, aínda que parece que cando se perde unha labazada a leva Cultura, xa nos anos do seu goberno era o que pasaba, pero no gasto de persoal pasaron de 139.000 euros no 2002 a 263.000 no 2007, case o dobre.

Fai referencia o Sr.Rodríguez Andina a que tamén utilizaron o “copiar e pegar” e así no ano 2002 había 2.404,05 euros para transferencias de capital a Amadores da Música e se repite no ano 2007. Tamén se refire o Sr.Rodríguez Andina aos investimentos en recursos hidráulicos, que son 157.000 euros; nos accesos a vivendas, aínda que racaneando eses accesos que non querían, e que case os levan a Estrasburgo, e que eran 108.000 euros daquela e agora 74.000 euros.

Prosegue sinalando o Sr.Rodríguez Andina que os ingresos están absolutamente inflados, e fala de que no IBI crean un concepto de altas do IBI con 80.000 euros e no ICIO deben levar recadado moito xa que so falta un mes. No punto limpo e vertedoiro de escombros 210.000 euros cando tiñan que preverse 50.000 euros. Respecto ao lixo se prevén 530.000 euros, cando segundo Intervención serían 465.000 euros; en auga 675.000 euros en vez de 599.000 euros, en infraccións urbanísticas pasan de 6.000 no 2002 a 70.000 no ano 2007; en multas de tráfico de 3.000 no 2002 a 40.000 euros. Nembargantes en transferencias da Xunta fronte a 514.000 no 2002 son 425.000 euros agora, e iso é menos e xa por non voltar a falar do ARI, que con estas pinceladas non vai aburrir máis á concurrencia e que se abstén por responsabilidade, porque hai cousas mais importantes, e que quere anunciar que o Partido Popular considera que ou se cambia a mecánica e se fala cos Grupos ou esta é unha excepción e ou se participa no presuposto ou se vota en contra en calquera caso.

Intervén o Sr.Castro Reigosa do Grupo Municipal do BNG que manifesta que o Sr.Rivas fixo mención do informe de Intervención pero xa na Comisión de Facenda fixo referencia ao informe, discrepando do que se dí de que está inflado porque hai partidas nas que tiñan que estar incorporados os remanentes, ao ser investimento con financiación afectada, e se refire aos asfaltados de camiños por importe de 154.549 euros, á Area de Couxela e a outros casos que non debían figurar no presuposto, pero que realmente non o afectan.

Seguidamente enumera o Sr.Concelleiro Delegado varias obras e investimentos , como a Estación Vella de Ribadeo, as butacas do Cine Teatro, a auga de Vilaselán, etc. ; respecto ao alegado de que se estaba engordando o presuposto, éste debe reflectar a contabilidade real dos ingresos xenerados e que non estean recadados non quere dicir que non se reflexen, e que non lle corresponde ao Concelleiro encargarse da recadación dos ingresos xenerados, e así sucede na Partida de auga, donde eran 520.000 euros e que deben reflectirse, e no caso do Punto limpo e vertedoiro de escombros son débedas liquidadas e xeneradas á data de hoxe; que respecto ao presuposto evidentemente é liquidativo e normalmente se consensuaría pero ao ser liquidatorio pouco é o que hai que consensuar e o que había que consensuar xa foi a Pleno ou a Xunta de Goberno e foron aprobados por todos os Grupos, en Pleno ou Xunta de Goberno.

Respecto aos gastos de telefonía na comparativa que se efectúa do período 2002 a 2007 non había telecentros nas parroquias, nin había un contrato único de ADSL, non había o incremento de áreas pero o gasto de telefonía móbil dos Concelleiros rebaixouse, e debe deixarse olvidado o Sr.Valín Valdés que non está na Corporación, e que o sinte, pero os teléfonos móbiles inflúen ben pouco na partida de comunicación.

Prosegue sinalando o Sr. Castro Reigosa que respecto aos gastos correntes, lle fala do esforzo feito dende a entrada deste equipo de goberno en catro meses e medio e que non lle pode meter no mesmo sitio o gasto corrente e o do persoal e que o Concelleiro xa fixo referencia a que o gasto de persoal era o 42 % polo que xa explicou; que o gasto de persoal é evidente que ao mellor non se pode reducir, pero nunha gran parte é subvencionado no cento por cento e non lle afectará o gasto. Fai referencia tamén o Sr. Concelleiro a que respecto a outros gastos correntes aumentaron polo propio incremento de subministrados como de enerxía para alumeados e a pesar diso conseguiron aforrar en gasto corrente aínda que non moito.

Dí o Sr. Concelleiro delegado que con respecto ás cuestións do Sr. Pérez Vacas xa explicou os motivos, e que debería estar feito e ten razón pero tivo tempo o Sr. Pérez Vacas ata finais de maio e que considera que foi un gran esforzo a presentación do presuposto con todos os cambios en catro meses e medio e a intención da Delegación é que o Presuposto de 2008 se aprobe antes de marzo de 2008 e así sucesivamente mellorando a situación en anos seguintes.

Polo Sr. Alcalde pregúntase aos Concelleiros se van facer un último turno de intervencións, respondendo varios afirmativamente.

Intervén o Sr. Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que vai ser breve e visto o que se manifestou deben darse conta de que son catro concelleiros que están sos e que poñan en práctica o do diálogo, que non o digan, senon que o poñan en práctica e que o camiño é o do aforro realmente porque cos datos que se deron o aforro non se ve por ningures, e que en canto ao presuposto de 2007 deberían traballar xa no do 2008, e quere plantexar o reto de que se faga un presuposto antes de 31 de decembro e que ogallá se faiga antes de 31 de decembro e será realmente un presuposto, e pide que se poñan todos a traballar e dialogar, e o Alcalde debe tomar iniciativa e poden contar coa UPRI para o ben dos ribadenses e o dí dende agora e anuncia a súa abstención.

Intervén o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular e dí que os números dos ingresos deben reflectirse con sentido e que respecto aos números do punto limpo pedirán a documentación, que leu os datos do informe de Intervención sobre o lixo e o resto saberá o Concelleiro Delegado de donde os sacou, e non está de acordo co que dí, xa que non trouxeron a Pleno a consensuar nada; serían propostas coa Xunta, se trouxo a Pleno e o aprobaron e o resto dos Grupos dixeron que sí, pero non os chamaron, e iso non é consensuar senon traer a Pleno o que hai que traer, e outra cousa é que os Grupos da oposición sexan responsables para que se traiga inversión para a Vila, e o pouco que houbera que consensuar había que consensualo, e é un tema distinto do xa reiterado da responsabilidade dos Grupos da oposición. Prosegue sinalando o Sr. Rodríguez Andina que no seu goberno xa había un telecentro e na negociación se se fai ben, negociando un bloque de comunicacións poden saír máis melloras, e resulta que multiplicaron por 4 o gasto e respecto á telefonía móbil tamén teñen menos concelleiros; que nos gastos de persoal pode entender ese incremento, pero o que plantexa é que sube a porcentaxe e o peso do gasto de persoal dentro do presuposto e eso é o malo.

O Sr. Castro Reigosa dí que non debe mezclarse o gasto de persoal con outros conceptos como o gasto corrente.

Remata a deliberación o Sr. Alcalde manifestando que non vai entrar a rebatir argumentos e que agradece a postura dos Grupos de abstención para salvar estes investimentos, que se lles criticará de que o fagan chegar ao Pleno moi tarde pero que ata xuño houbo outro goberno e que quere que lle crean que levan traballando respecto a este tema por dentro e por fora, no interior e no exterior, e hai negociación colectiva, servizos, etc. e pon o exemplo da Escola de música do ano 2002 ao período 2006-2007, e como costaba máis ou menos 180.000 euros con 20.000 de recadación, e hoxe 250.000 euros con 40.000 de recadación, o que é ridículo, unha ineficacia recadatoria absoluta, que pode morrer de éxito a Escola de música, e nin no Bloque

soviético era tan barata unha cousa, e será preciso equilibrar o seu desequilibrio a través dunha contraprestación.

Prosegue sinalando que se considera que se valora inxustamente o gasto corrente porque hai servizos que antes non había e pon o exemplo do CIM e manifesta que en todo caso hai inversións que veñen dadas e pon o exemplo do ARI e non é polo que este goberno queira senon o que queiran a Xunta e o Ministerio que establecen a aprobación dunha 6ª fase por importe de 350.000 euros, e igual lle gustaría que fora máis pero ao mellor non habería tampouco fondos para financiarlo.

Remata a súa intervención o Sr.Alcalde dicindo que agradece a abstención cando menos aínda que lle gustaría que lle aprobasen o presuposto pero agradece a abstención.

De seguido polo Pleno municipal por catro votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) e nove abstencións (dos membros dos Grupos Municipais do PP, PSOE e UPRI) acórdase a aprobación do ditame da Comisión da Comisión Informativa nos seus propios termos aprobando inicialmente o presuposto do ano 2007 conforme ao mesmo e nos propios termos da proposta formulada.

2007/04/75.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2007.

Dase conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas que se transcribe de seguido:

“Dase conta polo Concelleiro Delegado de Economía e Facenda do expediente epigrafiado cun importe de 51.237,51 euros correspondente a facturas de diversos exercicios.

Iniciase a deliberación intervíndose en primeiro lugar polo Sr.Concelleiro Delegado que fai constar que é condicionado a aprobación do presuposto e que corresponde a gastos de diversas anualidades.

Por parte do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI preguntase por unha factura de Gráficas Ribadeo por importe de 4.633,97 euros e pide que se lle informe de que exercicio é, contestándoselle que é do exercicio do ano 2005.

O Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular pregunta se haberá máis expedientes de recoñecemento extraxudicial contestándose por parte da Sra.Interventora que é posible.

O Sr.Rodríguez Andina manifesta que considera que o recoñecemento extraxudicial é un mal sistema e unha mala xestión. Prosegue a deliberación manifestándose polos representantes de varios Grupos municipais no seo da mesma que o seu voto vai ser favorable para non prexudicar aos acredores.

O Sr.Rivas Alvarez representante de UPRI manifesta que se vai abster xa que considera que non se debe actuar deste xeito.

De seguido pola Comisión Informativa, por seis votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, PSOE e PP) e coa abstención do Sr.Rivas Alvarez de UPRI, acórdase ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos num. 1/2007, do xeito en que foi formulado.”

Iníciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Castro Reigosa como Concelleiro Delegado que manifesta que tampouco é partidario do recoñecemento extraxudicial e o ideal é que todo estivera recollido no presuposto e que vai facer un esforzo de control para evitar desviacións, pero poden xurdir imprevistos, e neste caso precisamente ben por facturas extraviadas, ás veces nalgún Centro de Ensino, e que respecto a este recoñecemento, dende o ano 1995 ata hoxe hai facturas que afectan a varios gobernos e o

máis importante é que coincidan en que deben ir á desaparición deste tipo de expedientes e que farán o esforzo.

Intervén a continuación o Sr.Rivas Alvarez representante de UPRI que dí que todos coinciden en que é un mal sistema, pero de máis de 51.200 euros, 25.000 euros corresponden a Cultura e o sinte por Mari Luz que non ten nada en contra dela, ao contrario.

Intervén o Sr.Concelleiro Delegado que manifesta que a metade do gasto corresponde a distintos gobernos, e a metade do gasto corresponde a gobernos nos que estaba o Sr.Rivas; éste manifesta a súa discrepancia e dí que non estaba no ano 2004 e 2005 aínda que sí estivera no 1995 e 1996, e o Sr.Concelleiro Delegado lle dí que tamén estivo no 2000 e 2001.

Prosegue o debate manifestando o Sr.Rivas Alvarez que non é un sistema, que pode ser un asunto extraordinario, ou unha partida importante, pero non o entende con partidas de 4.633 euros.

O Sr.Concelleiro delegado pola súa parte dí que si se lee se trata de tres delegacións diferentes e basta con que unha non teña partida na Delegación para que non se poida autorizar o gasto. O Sr.Rivas Alvarez dí que non pode entender que haxa máis de 8.000 euros en carteis e trípticos sen consignación, e vaise abster e o fai pola única razón de que se pague aos provedores e lle da igual que sexa de 3 delegacións diferentes , e que non está de acordo co sistema.

Intervén o Sr.Pérez Vacas que manifesta que de todo o que acaba de escoitar o que lle asombra é iso de que se perderon facturas e pregunta se entendeu ben, contestando o Sr.Concelleiro Delegado que estaban extraviadas e apareceron despois e o Sr.Pérez Vacas debería ter conciencia delas.

O Sr.Pérez Vacas dí ao Sr.Concelleiro Delegado que lle pide perdón, pero que por eso están aquí , e non donde está o Sr.Concelleiro Delegado, e claro que teñen conciencia diso e que non lle parece de recibo que se manifeste nun Pleno que se perden facturas e que despois aparecen, porque se aparecen é que non se perderon, que quedaron extraviadas.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina que manifesta que os provedores fixeron o seu traballo, e que se van abster polos provedores e empresas, e a ineficacia de quen fora non pode supoñer que non vaian a cobrar.

Intervén o Sr.Concelleiro Delegado que manifesta que todos, unhos máis e outros menos tiveron responsabilidade e o Sr.Rivas tamén, e fai referencia a que no ano 2000 na súa Delegación de Medio Ambiente había casi 5.000 euros de árbores de nadal, e que foron a recoñecemento, o que nega o Sr.Rivas Alvarez.

Intervén a Sra.Concelleria Delegada de Cultura que manifesta que se lle imputan a Cultura gastos como propaganda, publicidade, montaxe e desmontaxe de palcos, facturas de gráficas, que son de todas as áreas do Concello, que van ahí todas, e habería que desglosar e ler as cousas como están na realidade, e non como parece que están, e pola súa parte como Concelleira ven a traballar, non pasa nada, nin a gasolina do seu coche e se lle imputan a Cultura gastos de Servizos Sociais, Deportes, etc., e todas as actividades constaban e pola súa parte non pasa nin un euro, e que digan as cousas como son, que isto non é “Jauja” e senon que se revisen os albaráns, se se quere criticar e non que quede ao libre albedrío.

Intervén o Sr.Alcalde que dí que quere recordar que no pasado houbo recoñecementos extraxudiciais por máis contía que éste.

De seguido por once votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, PP e PSOE) e dúas abstencións (dos membros de UPRI) acórdase a aprobación do ditame da Comisión de Facenda e Contas nos propios termos do mesmo.

2007/05/76.- MODIFICACIÓN DE ORDENANZAS FISCAIS E PREZOS PÚBLICOS PARA 2008.

Dase conta do ditame da Comisión de Facenda e Contas que se transcribe de seguido:

“Por parte do Sr. Concelleiro delegado de Economía e Facenda don Vicente Castro Reigosa faise referencia á Proposta de incremento na maioría das Ordenanzas do xeito en que se efectúa a proposta sinalándose que o criterio xeral é o incremento no IPC no 2,7 % se ben nalgunhas como no caso do lixo, o incremento é dun 10 % para os usuarios normais e o 20 % para as áreas comerciais, e que aínda non se cubre o custo do servizo, e fai referencia a que estas áreas comerciais xeneran cen veces máis lixo cun veciño.

Dase conta de que se incrementan no IPC anual ou segundo se exporá as taxas e prezos seguintes segundo o expediente:

ORDENANZA FISCAL NUMERO I3. Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.
(Incrementátese no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO I4. Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras. (Incrementátese no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T1. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local para a apertura de gabias, sondaxes e calas en terreos de uso público local, inclusive rúas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conduccións e outras instalacións, así coma calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.
(Incrementátese no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T2. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na ocupación de terreos de uso público com mercancías, materiais de construción, entullos, valos, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.
(Incrementátese no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T3. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, para de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.
(Incrementátese no IPC)

(Incrementátese no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T4. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local mediante elementos constructivos.
(Incrementátese no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T5. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio público local.
(Incrementátese no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T6. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con elementos con finalidade lucrativa.
(Incrementátese no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T7. Taxa por expedición de documentos administrativas a instancia da parte.
(Incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T8. Taxa por tramitación de licencias ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer.
(Incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T9. Taxa pola prestación de de servicios especiais motivados pola celebración de espectáculos públicos, grandes transportes, pasos de caravana e calquera outras actividades que esixan tales servicios.
(Incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T10. Taxa por tramitación de licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana, e por tramitación de proxectos de urbanización, autorización de guindastres, segregacións e agregacións.
(Incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T11. Taxa por tramitación de licencias de apertura de establecementos.
(Incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T12. Taxa por prestación do servicio de teleasistencia domiciliaria.
(Incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T13. Taxa por utilización de instalacións deportivas.
(Incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T14. Taxa pola prestación do servicio de Cemiterios Municipais, conducción de cadáveres e outros servicios fúnebres de carácter local.
(Incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T15. Taxa por colocación de tuberías, fíos conductores e cables en postes ou en galerías de servicio de titularidade do Concello de Ribadeo.
(Incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T16. Taxa polos servicios de sumidoiros, tratamento e depuración de augas residuais, incluída a vixilancia especial de sumidoiros particulares.
(incrementase no IPC os apartados a) e b) do artigo 5.1)

De conformidade coa proposta da Empresa concesionaria dos servicios AQUAGEST créase un novo feito imponible como apartado c) do artigo 2 correspondendo ao disposto no artigo 37.3 do Regulamento do Servicio Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento do Concello de Ribadeo: “ Non se poderá verter á rede de saneamento as augas non residuais que se recollan nos baixos e sotos dos edificios procedentes de manantiais ou filtracións de terreo. No caso de que fose autorizado ou detectado pola empresa concesionaria ou servicios do Concello dito verquido sen autorización, o responsable do mesmo virá obrigado a aboar unha cantidade mensual calculada de acordo cos gastos ocasionados en bombeo e depuración polo caudal verquido.

O epígrafe que se crea establece unha tarifa por verquidos de filtración de terreos ou manantiais. A tarifa establécese en base aos metros cadrados da planta do soto , tanto para obra, como para edificación finalizada, conforme á seguinte cota tributaria (artigo 5, apartado 5 da Ordenanza:

Cota tributaria do verquido por filtración do terreo ou manantiais.

Unha vez concedida a licencia ou autorización de acometida á rede de sumidoiros, ou causada alta de oficio, esixirase conforme ao seguinte cadro:

-Edificacións con soto ata 900 m2.....20,47 euros/bimestre.

-Edificacións con soto entre 901 e 2000 m2..... 40,93 euros/bimestre.

-Edificacións con soto de 2001 m2 en adiante.....61,40 euros/bimestre.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T 17. Taxa pola recollida de lixo.

O Sr.Concelleiro fai constar que vai incluído no custo o reforzo do servizo de verán e a adquisición dun novo vehículo por leasing e que terá un menor custo a cota do leasing que as reparacións que se veñen efectuando.

Non se produce unha votación formal manifestándose o criterio favorable dos Sres.Concelleiros do Grupo do BNG e contabilizándose como abstención o do resto dos Sres.Concelleiros dos Grupos Municipais de PP, PSOE e UPRI.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T18. Taxa pola distribución de auga.

Explica tamén o Sr.Concelleiro Delegado respecto á auga que a subida é por enriba do IPC a tenor da inclusión dun novo operario, e da repercusión do canon de saneamento en todos os usuarios.

Entáblase unha deliberación sobre o particular, e por parte do Sr.Rodríguez Andina se manifesta que bota en falta un informe de Intervención e se delibera sobre a porcentaxe que realmente representa o incremento que propón a empresa concesionaria. Tras da deliberación por parte do Sr.Rodríguez Andina do Grupo Popular se manifesta que o criterio do seu grupo é favorable a modificación da Ordenanza da auga sempre que sexa a suma do IPC, o incremento do operario e o canon e non exceda do 3%.

O Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista manifesta que o seu criterio é favorable á aprobación da Ordenanza do xeito en que ven proposta á Comisión.

O representante do Grupo Municipal de UPRI manifesta que se reserva, contabilizándose como abstención.

A tenor da votación producida se ditamina favorablemente a modificación da Ordenanza segundo foi proposta por catro votos (dos Sres.Concelleiros dos Grupos Municipais de BNG e PSOE) , dous votos a favor condicionados dos membros do Grupo Municipal do PP , segundo se ten manifestado na deliberación, e a abstención do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T19. Taxa polo servizo de Mercado.
(incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T20. Taxa polo servizo de Matadoiro
(incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T21. Taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes e públicos. Escola de Música e Escolas Deportivas Municipais. Actividades deportivas no rural.

Dase conta por parte do Sr.Concelleiro Delegado da modificación proposta para as Escolas deportivas distinguindo pola súa parte entre aquelas que son a tempo completo que pasan de 40 a 50 euros o que representa un 27 % e as que son de medio tempo que pasarían de 25 a 31,25 euros, significando que os ingresos representan unicamente o 20 % do custo e que debe compensarse polos beneficiarios unha maior parte do que se viña facendo.

O Sr.Castro Reigosa , toda vez que tamén se delibera sobre o retraso con que se pagan ás entidades colabouradoras manifesta que esto se produce, efectivamente, pero que sempre se paga.

Os Grupos municipais do Partido Popular, PSOE e UPRI manifestan que se reservan para o Pleno sinalándose por Secretaria que se contabiliza como abstención e mostrando o seu criterio favorable os representantes do BNG e ditaminándose polo tanto por dous votos a favor e cinco abstencións a aprobación da modificación da Ordenanza do xeito en que foi plantexada.

ORDENANZA FISCAL NUMERO T22. Taxa pola retirada de vehículos da vía pública ou terreos adxacentes e o seu traslado ó depósito municipal e inmovilización de vehículos que se atopen estacionados en forma antirreglamentaria sen perturbar gravemente a circulación. (incrementase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T 23. Prezo Público polos servicios da Biblioteca Municipal. (Incrementábase no IPC)

ORDENANZA FISCAL NUMERO T 24. Prezo Público pola utilización do Auditorio de Ribadeo. (incrementábase no IPC)

ORDENANZA FISCAL. NUMERO T 25. De celebración de bodas civís. (Incrementábase no IPC)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA.

Incrementábase no IPC as tarifas actuais e se crea unha nova tarifa para cursos para bebés, epígrafe 8, distinguíndose entre aboados e non aboados.

Durante a deliberación da modificación das Ordenanzas agás nos casos en que se produciu unha votación explícita se manifesta un criterio favorable dos Sres. Concelleiros presentes á aplicación do IPC ás mesmas, debendo entenderse como asentimento, de conformidade co disposto no artigo 101 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, ao terse producido a manifestación de signos convencionais de asentimento.

A Comisión Informativa, a tenor das diferentes votacións producidas no seo da mesma para a modificación das Ordenanzas indicadas acorda ditaminar favorablemente a proposta de modificación de Ordenanzas do xeito en que foi presentada e adopción dos acordos seguintes:

1º. A aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais do Concello para o ano 2008 relacionadas anteriormente de conformidade coa proposta formulada na Comisión Informativa de Facenda e Contas e nos propios termos da mesma.

2º. A exposición ao público e a tramitación conforme ao procedemento legalmente establecido.”

Iniciase deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr. Alcalde que explica tanto o incremento do IPC que se propón na maioría das Ordenanzas como na Ordenanza da auga a cuestión do operario que se propón e a taxa polos vertidos de manantiais ou filtracións. Fai tamén mención o Sr. Alcalde á modificación da Ordenanza do lixo e ao desequilibrio entre ingresos e gastos, do 20 % e como a proposta é da subida do 10 % que non chegaría a compensar pero é un avance e se refire a pretensión de adquisición dun novo camión para evitar os custos do vello, a través de leasing, e tamén que se prevé un reforzo no período estival e que se optou por unha subida intermedia dun dez por cento dicindo que senon ía ser difícil poder financiar o servizo.

Intervén a continuación o Sr. Castro Reigosa que manifesta que nas Escolas deportivas o incremento é do 25 % pero está xustifico porque a subvención do Concello está moi por enriba doutros Concellos e realmente son 10 euros /ano e 6 para escola de media temporada e isto é insignificante.

Por parte dos Grupos municipais acórdase efectuar unha primeira votación relativa ás Ordenanzas reguladoras de taxas e prezos que se incrementan no IPC na súa xeneralidade

(na Ordenanza T16. Taxa polos servicios de sumidoiros, tratamento e depuración de augas residuais, incluída a vixilancia especial de sumidoiros particulares se crea ademáis un novo epígrafe tal como se sinala na proposta de acordo) e se acorda a aprobación da súa modificación por unanimidade en votación ordinaria, afectando ás Ordenanzas de:

I3 Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica.

I4 Imposto sobre Construccións, Instalacións e Obras.

T1 Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local para a apertura de gabias, sondaxes e calas en terreos de uso público local, inclusive rúas, camiños e demais vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conduccións e outras instalacións, así coma calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.

T2. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na ocupación de terreos de uso público com mercancías, materiais de construcción, entullos, valos, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.

T3. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local consistente na entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, para de vehículos, carga e descarga de mercancías de calquera clase.

T4. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local mediante elementos constructivos.

T5. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo do dominio público local.

T6. Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con elementos con finalidade lucrativa.

T7. Taxa por expedición de documentos administrativas a instancia da parte.

T8. Taxa por tramitación de licencias ou autorizacións administrativas de autotaxis e demais vehículos de aluguer.

T9. Taxa pola prestación de de servicios especiais motivados pola celebración de espectáculos públicos, grandes transportes, pasos de caravana e calquera outras actividades que esixan tales servicios.

T10. Taxa por tramitación de licencias urbanísticas esixidas pola lexislación do solo e ordenación urbana, e por tramitación de proxectos de urbanización, autorización de guindastres, segregacións e agregacións.

T11. Taxa por tramitación de licencias de apertura de establecementos.

T12. Taxa por prestación do servicio de teleasistencia domiciliaria.

T13. Taxa por utilización de instalacións deportivas.

T14. Taxa pola prestación do servicio de Cemiterios Municipais, conducción de cadáveres e outros servicios fúnebres de carácter local.

T15. Taxa por colocación de tuberías, fíos conductores e cables en postes ou en galerías de servicio de titularidade do Concello de Ribadeo.

T16. Taxa polos servicios de sumidoiros, tratamento e depuración de augas residuais, incluída a vixilancia especial de sumidoiros particulares.

T19. Taxa polo servicio de Mercado.

T20. Taxa polo servicio de Matadoiro

T22. Taxa pola retirada de vehículos da vía pública ou terreos adxacentes e o seu traslado ó depósito municipal e inmovilización de vehículos que se atopen estacionados en forma antirreglamentaria sen perturbar gravemente a circulación.

T 23. Prezo Público polos servicios da Biblioteca Municipal.

T 24. Prezo Público pola utilización do Auditorio de Ribadeo.

T 25. De celebración de bodas civís.

s/n. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA PRESTACIÓN DOS SERVICIOS DE PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA.

Respecto ás Ordenanzas antecitadas polo tanto, polo Pleno Municipal, por unanimidade, en votación ordinaria se acorda:

1º. A aprobación inicial da modificación das Ordenanzas fiscais do Concello para o ano 2008 relacionadas anteriormente de conformidade coa proposta formulada na Comisión Informativa de Facenda e Contas e nos propios termos da mesma.

2º. A exposición ao público e a tramitación conforme ao procedemento legalmente establecido.”

Prosegue a continuación a deliberación sobre as Ordenanzas de lixo, auga, e escolas deportivas.

Intervén en primeiro lugar o Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI que manifesta que é moi distinto gobernar a estar na oposición, e que recorda cando se subiu a recollida de lixo no 70 % e como os discursos varían, e que o Medio Ambiente é cousa de todos e entende que, dí o Grupo de Goberno, que é necesario que unha taxa se aplique porque non cubre os custos, vanse abster porque é unha medida que vai a facer o goberno e son os que teñen que levar adiante os designios en temas de Medio Ambiente, e que lle gustaría que se dixese que se subía a taxa do lixo porque se ía facer máis separacións dos residuos , e facer compost, e seguro que votarían a favor, pero non sabe cando se vai facer e so se cubre o custo do servizo, camiión e operarios.

Intervén o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que dí que van apoiar a proposta do Goberno, e que en Comisión falouse dun 3 por cento de incremento para a taxa de auga, pero chegou un estudio da empresa en que se xustifica que co empregado e co canon, se está no 5,15 % en vez do 3 % manifestado na Comisión, e que son 109 ptas./bimestrais e se entende que a mellora que se pretende está xustificada. Refírese asimismo o Sr.Pérez Vacas á Ordenanza do lixo, e aínda que vote a favor, está decindo que non ve como co 10 % de subida se pode autofinanciar e debe intentarse a adquisición dun camiión e insta ao goberno a que o 10 % se adique á propia xestión do servizo e que se xestione con Medio Ambiente a adquisición dun camiión, que lle insta a iso.

O Sr.Rivas Alvarez, sobre a taxa de auga, refírese ao concepto de depuración, que é o que máis subiu, e sinala que se abstiveron respecto á EDAR por a cuestión da depuración e manifesta o seu desacordo con que a empresa suba ese concepto nun 22 % por un servizo que se pode deixar de prestar, e seguir cobrando, e sinala que o seu Grupo vai estar a favor no incremento nas Escolas deportivas.

Intervén a continuación o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que van a discrepar e que os plantexamentos son as fáciles subidas dos impostos e iso vai ao peto do cidadán, e refírese a que o lixo se incrementa no dez por cento , a auga no cinco por cento, as escolas deportivas no 25 por cento e sinala que así é fácil e que está de acordo en que veña o camiión por outra vía, e que na Comisión xa se dicía que era un desastre a cantidade de custos de reparación do camiión vello, e fai tamén referencia ao Sr.Concelleiro no uso da palabra, e ao informe de Intervención, que facía referencia a 67.000 euros , e que se o método é ir ao bolsillo do cidadán o que se debe facer é fraccionar,xa que é un peso que se vai subindo en todo e no seu conxunto son moitos pesos, e polo tanto pide que a suba se fraccione en varios anos.

Manifesta tamén o Sr.Rodríguez Andina que o Goberno municipal xa collera unha mala manía do goberno anterior que é o primeiro ano o zurriagazo como daquela que o fixeron nun 30 % de subida e manifesta que se vai abster o Partido Popular e que a mecánica que debe seguir o goberno é xestionar fora do Concello, e fraccionar incrementos.

Intervén a continuación o Sr. Cupeiro Rodríguez, Concelleiro Delegado de Medio Ambiente que sinala que cada zona económica debe ser autofinanciada, e pode estar dacordo se debe estar repartido ou non, e que o camiión do lixo se debe repercutir sobre a tarifa da recollida de lixo porque é algo que está dentro do servizo e non deixarse levar por arrastrar unha

débeda , e o 10 % pode ser moito ou pouco pero no medio rural de 3,54 euros se sube en 25 céntimos e non pensa que sexa severon para ningunha familia, e que se trata de levar a delegación cos mínimos gastos posibles e facer unha delegación que se autoxestione. Prosegue sinalando o Sr.Concelleiro Delegado que o volumen de lixo é grande cos mesmos operarios e se se ten en conta a época estival tamén hai que financialo é isa é a súa apreciación.

O Sr.Concelleiro Delegado de Economía e Facenda don Vicente Castro Reigosa, considera que o Sr.Rodríguez Andina facía referencia ao tema de compensar en varios exercicios, e por iso se aplica o 10 e non o 20 % de incremento para compensar a cota do leasing do vehículo que se pretende adquirir.

O Sr.Alcalde remata a deliberación do asunto sinalando que considera dabondo debatido e que toman boa nota do sinalado e que agradecerá as xestións ou o que se poida facer, ou a convocatoria do 2008 para o camión de lixo, pero a subvención non será o total e as taxas por Lei teñen que tender a ter un equilibrio entre ingresos e gastos, e agradece que vaia saír adiante a proposta e se se asustan os veciños non lle van vir aos que non son do goberno, e aínda que con sinceridade debера tender a subir o 20 % a recollida de lixo, para romper a bola de neve, pero que non se pode forzar a máquina.

Efectuada a votación por separado das modificacións das Ordenanzas que se sinalarán arroxan o seguinte resultado:

Ordenanza T17 reguladora da taxa pola recollida de lixo: é aprobada a súa modificación por sete votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG e PSOE) e con seis abstencións (dos membros dos Grupos Municipais do PP e UPRI), do xeito sinalado no ditame da Comisión Informativa e segundo a proposta da Alcaldía, adoptándose polo tanto para esta taxa o acordo seguinte:

1º. A aprobación inicial da modificación da Ordenanzas fiscal do Concello para o ano 2008 relacionada anteriormente, de conformidade coa proposta formulada na Comisión Informativa de Facenda e Contas e nos propios termos da mesma.

2º. A exposición ao público e a tramitación conforme ao procedemento legalmente establecido.

Ordenanza T18 reguladora da taxa por distribución de auga: é aprobada a súa modificación por once votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do BNG, PP e PSOE) e dúas abstencións (dos membros do Grupo Municipal de UPRI), do xeito sinalado no ditame da Comisión Informativa e segundo a proposta da Alcaldía e adoptándose polo tanto para esta taxa o acordo seguinte:

1º. A aprobación inicial da modificación da Ordenanzas fiscal do Concello para o ano 2008 relacionada anteriormente, de conformidade coa proposta formulada na Comisión Informativa de Facenda e Contas e nos propios termos da mesma.

2º. A exposición ao público e a tramitación conforme ao procedemento legalmente establecido.

Ordenanza T21 reguladora da taxa por ensinanzas especiais en establecementos docentes e públicos. Escola de Música e Escolas Deportivas Municipais. Actividades deportivas no rural: é aprobada a súa modificación por nove votos a favor (dos membros dos Grupos municipais do BNG, PSOE e UPRI) e con catro abstencións (dos membros do Grupo Municipal do PP), do

xeito sinalado no ditame da Comisión Informativa e segundo a proposta da Alcaldía, adoptándose polo tanto para esta taxa o acordo seguinte:

1º. A aprobación inicial da modificación da Ordenanzas fiscal do Concello para o ano 2008 relacionada anteriormente, de conformidade coa proposta formulada na Comisión Informativa de Facenda e Contas e nos propios termos da mesma.

2º. A exposición ao público e a tramitación conforme ao procedemento legalmente establecido.

2007/06/77.- IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.

Dase conta do ditame da Comisión de Facenda e Contas que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta de Imposición e Ordenación do Imposto epigrafiado , iniciándose deliberación ao respecto; previa unha sucinta explicación do Concelleiro Delegado.

O Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular manifesta que sobre este asunto se reserva para o Pleno.

O Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista manifesta o seu criterio en contra da proposta significando que non é o momento nin hai xustificación coa crise inmobiliaria grave, co aumento do Euribor e que non lle ve a finalidade social nin se pode cuantificar con esos antecedentes. Deliberase sobre o propio imposto, a súa estrutura, liquidación do mesmo e sobre os Concellos da Mariña que o teñen implantado o que o van facer, deliberándose entre os Sres.Concelleiros sobre estes aspectos.

O Sr.Concelleiro Delegado manifesta que o Grupo Municipal do BNG mantén o seu criterio favorable á referida imposición e ordenación e aínda que entende as posturas sobre a cuestión cree que grava a expeculación inmobiliaria por chamarlle dalgunha maneira, contestándose polo Sr.Rodríguez Andina que se trata dun razoamento simple, deliberándose entre os Sres.Concelleiros sobre esta cuestión.

Por parte do Sr.Concelleiro Delegado faise referencia á situación económica delicada, do Concello e que éste sería un instrumento de financiación.

Toda vez que se delibera sobre a posibilidade recadatoria deste imposto o Sr.Concelleiro Delegado estima que podría producirse en torno aos douscentos ou trescentos mil euros, facendo referencia tamén a que quen asume os costes directos e indirectos políticos é o Grupo proponente e os que se benefician son outros que gobernan despois.

O Sr.Concelleiro Delegado manifesta a comprensión da postura dos Grupos da oposición pero que sería máis impopular e máis inxusto subir o IBI.

Intervén para rematar o debate o Sr.Alcalde que manifesta que vai a dar todas as pistas, que non lle teñen medo a esta cuestión, que é un tributo directo, non periódico, e fai referencia á distinción entre a imposición directa e a imposición indirecta e que a primeira é propia dos países desenvoltos, facendo referencia ao tope de 20 anos, así como a que hai bonificación prevista na propia norma do 25 % que deixan aberta e a que se se produce a aprobación do Plan Xeral, por moi restrictivo que sexa, será máis beneficioso para os miles de metros cadrados que se clasifiquen, e que se a Administración recalifica algo tamén é xusto que teña unhas recursos para mellorar a vida dos cidadáns e que é un imposto que existe en numerosos concellos.

Respecto ao argumento de que non è o momento adecuado porque vai subir o prezo tamén moitos promotores dicían que era mellor que non se faigan parques porque hai que repercutir os custos nas vivendas, e que era mellor facer “niños de abellas” e que ese argumento ninguén hoxe o pode compartir.

O Sr.Alcalde reitera que se trata dun imposto directo que non é sangrante, que é propio dun país moderno como imposición directa fronte á imposición indirecta dos países do terceiro mundo e do submundo, e que está por un Concello moderno.

Toda vez que o Sr.Alcalde volve a plantexar aos Grupos municipais cal é a súa posición, o Sr.Rodríguez Andina reitera que se reserva para o Pleno e o Sr.Pérez Vacas que vai votar en contra.

O Sr.Alcalde preguntalle se quere explicitar o sentido do seu voto, respostando o Sr.Pérez Vacas, que reitera os argumentos expostos sobre a crise inmobiliaria, subida do Euribor e de oportunidade.

Por parte do Sr.Alcalde replícase que o Concello é como unha caixa donde ten que entrar recursos para poder efectuar gastos e advirte que ao mellor se toman decisións que logo no futuro vai ser difícil xustificar.

O Sr.Concelleiro Delegado de Economía e Facenda reitera que este asunto está vencellado coa aprobación do Plan se esta chega a efectuarse.

O Sr.Alcalde fai referencia ademáis a que este imposto se aplicará agás nos Concellos que estean en franco retroceso, que non é o caso de Ribadeo, e fai referencia a que se quere ir a ese modelo, que é o modelo de todo o levante español e que tamén se atopa nos Concellos da fachada atlántica, e está nos Concellos máis importantes de Lugo, e non pasa nada e reitera que o voto do Grupo Municipal do BNG vai ser a favor.

Pola Comisión informativa por dous votos a favor (dos membros do Grupo Municipal do BNG) dous votos en contra (do Grupo Municipal Socialista) e tres abstencións dos membros dos Grupos Municipais do PP e de UPRI, acordase, toda vez que o voto de calidade da Alcaldía rompe o empate, segundo o legalmente establecido, ditaminar favorablemente para a súa aprobación polo Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º. De imposición e Ordenación do Imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, de conformidade coa proposta formulada e nos propios termos da mesma.

2º.A exposición ao público e a tramitación conforme ao procedemento legalmente establecido.”

Iniciase deliberación, intervindo en primeiro lugar o Sr. Rivas Alvarez do Grupo de UPRI que manifesta que van a votar en contra e que lle parece que a situación económica das familias é bastante delicada e que moitos teñen créditos, problemas para chegar a fin de mes e o IPC é o 3,9 % considerando que non é o momento nin a oportunidade e que cree que sería o único Concello de A Mariña que tería este imposto porque en Mondoñedo non sabe se na actualidade o teñen, e non o tería ningún outro, e se trataría dun retroceso que suporá un incremento da vivenda xa por sí cara para os xoves e reitera que vai votar en contra.

Intervén a continuación o Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista que dí que máis claro auga respecto do que dixo na Comisión e que os argumentos son os que quedaron xa alí reflectidos, que o grupo do PSOE considera que nin é o momento nin a situación o aconsella e coa política impositiva que se leva a cabo no Concello de suba de taxas e prezos xunto coa situación económica das familias no país considera que non é oportuno e van votar en contra.

Intervén tamén o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que dí que tamén anuncia o seu voto en contra que lles parece que non é o momento , que o resto dos grupos acaban de aprobar unhas subidas no punto anterior e que neste momento están tratando de utilizar un mecanismo fácil, que fan falta cartos e pídense aos veciños e quere reiterar que non é a mecánica e que é unha teoría probablemente equivocada, e que son cartos que acaba pagando o último da cadea, e algún dí que son para os especuladores pero ao final eso de que é directo e progresista e outras cousas resulta que ao final acaba repercutindo en quen acaba.

Pola súa parte o Sr.Concelleiro Delegado de Economía e Facenda don Vicente Castro Reigosa dí que discrepa do comentario do Sr.Rodríguez Andina de que iso vais empre para o último da cadea, xa que eso é en todos os aspectos da vida e pasa sobre calquera cousa, e que é evidente que o imposto sobre o valor dos terreos o paga quen vende unha vivenda ou un solar revalorizado e respecto a iso de que lle repercute ao comprador é a lei da oferta e da demanda en todas as facetas da vida e en calquera intercambio comercial, e que graba as familias pero non a todas e que graba as familias que teñen principalmente movementos especulativos e que as herdanzas se son de máis de 20 anos e os que teñen 15 realmente ten pouca incidencia e realmente grava as operacións realizadas a curto prazo que é o que se chama como especulación.

Prosegue sinalando que se non é o momento oportuno, en vías de aprobación dun PXOM non sabe cando será xa que é o momento en que se van a producir as transmisións , e que respecto ao que se dí de que non hai Concellos na Mariña, Mondoñedo e outros o van ter.

Remata a súa intervención o Sr.Concelleiro dicindo que segue defendendo a creación deste imposto e que lle parece máis xusto e que despois acábanse facendo subidas do IBI e noutros períodos e considera que é máis incerto.

Intervén o Sr.Alcalde que manifesta que para pechar as intervencións, ademais dos argumentos do Sr.Castro Reigosa, ten que confesar que xa esperaba isto pero pensou que igual se equivocaba como nalgún punto anterior, e que valorou sacalo da sesión pero tamén ten a responsabilidade de poñelo enriba da mesa , de debatilo e votalo e pode perdelo e fai referencia a que os argumentos que se teñen utilizado, de todos por igual son propios dun imposto indirecto e sinala que os impostos indirectos prevalecen en Mozambique, Bostwana, Zaire, etc. e que os impostos directos son os do primeiro mundo, como Suecia, Noruega ou Galiza, e que gravan as rendas dos que máis teñen ou daqueles que máis se benefician e non acepta o argumento de que ningún Concello da comarca o ten agás Mondoñedo, e que hai unhas anos so Ribadeo e Xove tiñan piscina e por iso Ribadeo non deixou de tela.

Prosegue sinalando que considera que é un modelo xusto e asume a responsabilidade de propoñelo e está convencido de que non en moito tempo , se ben no pode precisar se neste mandato ou no que ven, acabará impoñéndose aquí.

Sinala asimesmo o Sr.Alcalde que a súa responsabilidade de goberno municipal é plantexar esto e que non é que se vaia resolver os males endémicos do Concello de Ribadeo dende fai anos pero era un punto importante dalgunha maneira de que máis pague quen máis se beneficie, e que é unha pena que no caso de que alguén que paga ou que compre por dez no 2005 e venda no 2006 por dezoito tería que pagar e é xusto e por moito que paguen non é nada do outro mundo, e sinala que grava as compras e vendas realizadas a curto prazo que é do que se trata.

Remata o Sr.Alcalde a súa intervención reiterando que está convencido de que en pouco tempo se acabará impoñendo.

Pasada a votación o ditame da Comisión e a subseguinte proposta de imposición e ordenación do imposto obtén catro votos a favor dos membros do Grupo Municipal do BNG e nove votos en contra dos membros dos Grupos municipais do PP, PSG-PSOE e UPRI, rexeitándose a proposta e ditamen formulados, e non procedéndose, polo tanto, á aprobación e imposición do Imposto.

2007/07/78.- DOTACION ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Obra no expedientes o ditame da Comisión informativa que se transcribe de seguido:

“Dase conta da proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

“Pola Alcaldía-Presidencia de conformidade co disposto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local segundo a redacción dada pola Lei 57/2.003, que establece que o Pleno da Corporación con cargo aos presupostos anuais da mesma poderá establecer para os Grupos Políticos unha dotación económica que deberá contar cun componente fixo, idéntico para todos os grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un, e sen que poidan destinarse ao pagao de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación ou adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial, e debendo levar os Grupos unha contabilidade específica da dotación que porán a disposición do Pleno da Corporación sempre que éste o pida,

PROPONSE ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Asignación anual por Grupo Político 500 euros/ano é dicir 125 euros /trimestre.

Asignación anual por Concelleiro: 500 euros/ano para cada Concelleiro, é dicir 125 euros /trimestre para cada Concelleiro.

Grupo do BNG (4 Concelleiros): Fixo: 500 euros + 2.000 euros= 2.500 euros de asignación total anual.

Grupo Popular (4 Concelleiros): Fixo: 500 euros + 2.000 euros = 2.500 euros de asignación total anual.

Grupo Socialista (3 Concelleiros) : Fixo: 500 euros + 1.500 euros=2.000 euros de asignación total anual.

Grupo UPRI (2 Concelleiros): Fixo 500 euros + 1.000 euros= 1.500 euros de asignación total anual.”

Iniciase a deliberación intervindo en primeiro lugar o Sr.Rodríguez Andina que pregunta se isto non debería ir no presuposto, respostándose por Secretaría que se entende que debe adoptarse o acordo e logo consignarse no presuposto para os exercicios do mandato de que se trate.

Deliberase sobre o particular e por unanimidade de todos os Grupos Municipais acórdase ditaminar favorablemente a proposta para a súa aprobación polo Pleno municipal nos propios termos da mesma.”

Non se promove deliberación e polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º. A aprobación da dotación económica para os Grupos Municipais seguinte:

Asignación anual por Grupo Político 500 euros/ano é dicir 125 euros /trimestre.

Asignación anual por Concelleiro: 500 euros/ano para cada Concelleiro , é dicir 125 euros /trimestre para cada Concelleiro.

Grupo do BNG (4 Concelleiros): Fixo: 500 euros + 2.000 euros= 2.500 euros de asignación total anual.

Grupo Popular (4 Concelleiros): Fixo: 500 euros + 2.000 euros = 2.500 euros de asignación total anual.

Grupo Socialista (3 Concelleiros) : Fixo: 500 euros + 1.500 euros=2.000 euros de asignación total anual.

Grupo UPRI (2 Concelleiros): Fixo 500 euros + 1.000 euros= 1.500 euros de asignación total anual.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a execución de cantos actos, trámites ou xestións sexan precisos para o bo fin dos acordos adoptados.

Deliberase incidentalmente sobre a efectividade do acordo, efectuándose diversas intervencións de Concelleiros, e sinalándose por Secretaría que en todo caso pode ser unicamente dende a constitución da Corporación que adoptou o acordo.

Conclúese por unanimidade que esta cuestión se resolva pola Alcaldía segundo proceda conforme a dereito.

2007/08/79.-PETICIÓN DE CESIÓN AO MINISTERIO DE FOMENTO DE TRAMOS DE VIARIOS MUNICIPAIS.-

Obra no expediente o Ditame da Comisión Informativa de data 8 de novembro de 2007 que se transcribe de seguido:

“Obra no expediente a proposta da Alcaldía que se transcribe de seguido:

Pola Alcaldía-Presidencia, considerando o disposto na Orde de 23 de xullo de 2001, pola que se regula a entrega aos Concellos de tramos urbanos da rede de estradas do Estado e o disposto así mesmo na Orde 3426/2005, de 27 de outubro de 2005 do Ministerio de Fomento (BOE de 4 de novembro de 2005) sobre o mesmo asunto.

Considerando, o establecido nos artigos 40.2 da Lei 25/1988, de 29 de xullo das Estradas e o artigo 127 do Regulamento Xeral de Estradas, aprobado por Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro.

Visto que anteriormente, por acordo de 21 de marzo de 2007, se pediu ó Ministerio de Fomento a transferencia de titularidade dos tramos coincidentes coas rúas urbanas Avda de Galicia, Rúa José Vicente Pérez Martínez, e Avda. de Asturias, e por acordo igualmente do Pleno de 17 de setembro de 2007 se efectúa a petición da cesión dos tramos da Estrada Nacional N-634 dende a rotonda do Voar ata a Rotonda de enlace coa Circunvalación na zona de Dompíñor-Vilar-Piñeira.

Nembargantes hai tramos urbanos que quedaron pendentes de petición e toda vez que xa se efectuou a entrada en servizo tanto da Autovía como da Circunvalación, realmente adquiriron un carácter xa pleno de vías urbanas, tramos que non foron pedidos inicialmente.

Compre, polo tanto, efectuar a petición de cesión dos tramos seguintes:

- a) Tramo dende o remate da Avda. de Galicia ata a rotonda do Voar, que completa o tramo cuxa cesión se pediu na referida sesión de 21 de marzo de 2007.
- b) Dende o Parador (tramo donde remata a Avda. De Asturias ata a entrada ó porto de Ribadeo.
- c) Tramo que vai dende a Rotonda de Vilaselán, ó pé da Autovía ata a Rotonda do Voar.

Considerase que cos tramos cuxa cesión se solicita se cumpre o requisito de que sexa unha cesión de tramos completos e homoxéneos, e que se considera que, nembargantes, debe permanecer como de competencia estatal o tramo entre a rotonda da circunvalación na Vilavella e a entrada ó porto de Ribadeo, xa que o vial do Porto é de competencia Autonómica, é o principal servizo que presta.

Asímesmo propónse a cesión, do tramo que aínda sen ter carácter urban se encontra rodeado de edificacións existente na Rochela, coñecido como “Estrada vella da Rochela”, e que corresponde ó antigo trazado da Estrada Nacional N-634, actualmente en desuso.

Pola Alcaldía propónse ó Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

1º.- Solicitar ao Ministerio de Fomento, nas condicións da normativa mencionada a transferencia de titularidade dos tramos seguintes:

- a) Tramo dende o remate da Avda. de Galicia ata a rotonda do Voar, que completa o tramo cuxa cesión se pediu na referida sesión de 21 de marzo de 2007.
- b) Dende o Parador (tramo donde remata a Avda. De Asturias ata a entrada ó porto de Ribadeo.
- c) Tramo que vai dende a Rotonda de Vilaselán, ó pé da Autovía ata a Rotonda do Voar.

2º.- Asímesmo solicítase a cesión do tramo que aínda sen ter carácter urban se encontra rodeado de edificacións existente na Rochela, coñecido como “Estrada vella da Rochela”, e que corresponde ó antigo trazado da Estrada Nacional N-634, actualmente en desuso.

3º.- Facultar á Alcaldía-Presidencia para asinar o Convenio e as demais actuacións previstas no apartado 3º da mencionada Orde, facultando así mesmo para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan necesarios para o bo fin dos acordos adoptados.

4º.- A notificación e expedición de certificación acreditativa deste acordo ó Ministerio de Fomento.”

Por parte do Sr. Alcalde procédese inicialmente a explicar aos membros da Comisión que o criterio de Estradas do Estado en relación ás peticións efectuadas en diferentes datas de cesión de diversos tramos para os que están iniciados os trámites e que se trate de tramos continuos , procedendo a explicar os tramos que figuran na súa proposta e sinalando que non se propon inicialmente a cesión do tramo comprendido entre a rotonda da Vilavella e a entrada ao Porto de Ribadeo, cuxa estrada é de competencia autonómica toda vez que existe un nivel de tráfico intenso xerado polo porto e existen unhas taludes e entende que pode existir unha responsabilidade perpetua.

Iniciase unha deliberación no seo da Comisión, intervindo varios Concelleiros, respecto ao diferente estado dos tramos que van ser obxecto de cesión e ás condicións da cesión.

Dentro desta deliberación valorase polos Sres. Concelleiros unha proposta do Sr. Rodriguez Andina de que se inclúa o tramo dende a rotonda da Vilavella ata o Parador completo, incluíndo a parte entre o cruce para o Porto de Ribadeo e a rotonda, co obxecto de que poida contemplarse adecuadamente a situación das casas do barrio de A Vilavella. Deliberase sobre o particular e tras da deliberación, por unanimidade de todos os Grupos existe o criterio de que se pida a cesión de todo o tramo dende o Parador ata a Rotonda da Vilavella.

Por unanimidade, pola Comisión Informativa, propónse ao Pleno municipal como ditame a adopción dos acordos seguintes:

1º.- Solicitar ao Ministerio de Fomento, nas condicións da normativa mencionada a transferencia de titularidade dos tramos seguintes:

- a) Tramo dende o remate da Avda. de Galicia ata a rotonda do Voar, que completa o tramo cuxa cesión se pediu na referida sesión de 21 de marzo de 2007.
En relación á pregunta sobre o Cargadoiro, resposta que entende que sí, que mandou ós técnicos municipais despois da Sesión e entende que está resolto.

Sobre as preguntas formuladas sobre a balsa de lixiviados será o Concelleiro de Medio Ambiente quen conteste sobre o asunto.

Sobre a pregunta da Estación Vella, contesta o Sr. Alcalde que realmente o que comentou verbalmente a pretensión era de unha zona pero non estaban falando do mesmo e se segue alí nos próximos días será retirado.

No que atinxe ás ruas Diputación e San Lázaro contesta o Sr. Alcalde que están neso e nos próximos días agarda ter unha solución definitiva para o arranxo.

Polo que respecta á pregunta sobre o Polígono Industrial seguen pendentes do problema de subministro eléctrico que é necesario coa creación dunha subestación, e que ten que ver có Plan Aquícola pero que dentro de pouco seguramente teran novidades a este respecto.

Sobre a pregunta do PXOM e PEPRI contesta o Sr. Alcalde que chamou a todos a unha Comisión Informativa e Ademais asinou outra convocatoria para pasado mañá e mantén o criterio de aprobalo canto antes e por unanimidade.

En relación á pregunta sobre a Torre dos Moreno, ademais do que se dixo, non se comprometeu en nada a Ministra có Alcalde, sería na prensa, e que se pode afondar no tema e que contactou con máis propietarios e levase tempo facendo algunha xestións, aínda sen resultado, das que se dará conta.

Respecto á pregunta do Xulgado contesta o Sr. Alcalde que estaba previsto que se lle preguntara ó Conselleiro da Presidencia Sr. Mendez Romeu que viñera fai uns meses e dixera que a Xunta lle solicitaría formalmente ó Ministerio de Xustiza que na modificación da Lei de Demarcación e Planta se incorporara ese Xulgado, e agarda que esté eso x afeito e que quere facerlle chegar unha petición de pregunta e concertar unha entrevista, se é posible.

En relación á situación económica do Concello, quere recontestar outra vez a pregunta xa que gostarialle que lle tuveran votado a favor da creación da Plusvalía e que entre todos aproben o PXOM e PEPRI que o agradecerán os veciños de Ribadeo no seu conxunto.

Polo que respecta ás preguntas de Trafico e Seguridade Cidadá contesta o Sr. Alcalde que está resolto coas bandas construídas no Paseo Marítimo aínda que recibeu tamen un escrito de veciños do Casco Vello e nos próximos días tratará o asunto.

Intervén o Sr. Perez vacas incidentalmente e dí que esas bandas do Paseo non obedecen ó que pideu o Sr. Rivas Alvarez senon que xa estaba previsto pola Dirección Xeral de Costas e cree recordar que dende eiqui se mandou o Plano para que se construíran esos pasos e si non é así que se rectifique.

Intervén incidentalmente o Sr. Duarte Diaz que dí que as carreiras eran abaixo e que hai unha persoa que nunca viu alí as carreiras, indicándose polo Sr. Rodriguez Andina que se organizaban na rula.

Preguntas dirixidas á Concellería de Cultura.-

Contesta en primeiro lugar a Sra. Concelleira que Cultura leva asociado Biblioteca, Auditorio, mantemento deses servizos, suscripcións, etc., e que o presuposto da Concellería para o ano 2006 foi de 542.802, 62 euros, e que a programación cultural ascendeu a 117.500 euros e que deles se destinou a propaganda 17.000 euros, se ben como é a única que ten partida específica se mete aquí de todas as áreas municipais, sobre todo de algunhas; responde tamén a Sra. Concelleira que os gastos de persoal ascenderon a 253.537, 60 euros.

Por parte da Sra. Alvarez Lastra, como Concelleira Delegada de Cultura dase conta respecto ás preguntas formuladas de que os importes da programación cultural do verán de 2007, onde o Concello aportou 42.112 Euros do presuposto de Cultura e o patrocinio ascendeu a 87.840 Euros, foron os que se reseñarán, efectuándose o desglose actividade por actividade:

PUBLICIDADE XERAL

3000 Axendas de verán.....**543 €**
Paneis.....**298'41**
Cartelería, pegadas e magafonías, lonas, cuñas, etc**1000'64**

MÚSICA E DANZA

II FESTIVAL DE MÚSICA CLÁSICA DE RIBADEO
Patrocinio de Caixa Galicia..... 24000 €

II FESTIVAL DE MÚSICA COMPOSTELA E OS SEUS CAMIÑOS
Patrocinio do Xacobeo2.600 €

CAMERALIA : FESTIVAL INTERNACIONAL DE MÚSICA DE CÁMARA
Cachés (dous concertos).....**3000 €** da Concellería e **3000** do Concello.

RECITAL LÍRICO de C. Domínguez e J. Antonio Parejo
Caché e publicidade..... 2526'50 €
CONCERTO BENÉFICO DE MÚSICA CLÁSICA EN BENEFICIO DA ASOCIACIÓN ASTYR
Publicidade:204'53 €
CONCERTO DE ALVARO QUINTANILLA (celebración do 50 aniversario da biblioteca municipal
El Viejo Pancho)..... 1295 €
FESTIVAL MUSIQUEO
Org. A.C El Viejo Pancho
Achea do concello: 3000 €

CONCERTO DE JAZZ DE PABLO SEOANE TRIO EN CABANELA
Caché1500 €
Asistencia técnica, iluminación, etc.....2784 €

NOVA GALEGA DE DANZA
Patrocinio do Xacobeo
Caché: 13 340 €

CONCERTO DE MARÍA DO CEO
Patrocina Caixa Galicia
Caché: 14.000€
Achea do concello:
escenario, luces e son: 5220 €
Catering para os artistas: 481'50

GRUPO XARÍN
Patrocina Xacobeo
Caché: 1000
Achea do concello en publicidade: 263'64

EXPOSICIÓN

LUCÍA VILA
Cartelería.....240'64
QUIQUE GUERRA
Lona, carteis.....295'50

TEATRO

LAS RUTAS DE LA BARRACA
Patrocina Soc. Estatal de Conmemoraciones Culturales
Caché: 1000
Achea do concello: 935'18 (dietas 14 persoas)

COMMEMORACIÓN DOS 125 ANOS DE TEATRO GALEGO
Patrocina : IGAEM
TEATRO DO NOROESTE "Romeo e Xulieta"6000 €
A FACTORÍA "Castronós. O baile"7500 €
Luz: 1856 €

MOSTRA DE TEATRO DANIEL CORTEZÓN
Pago de tres compañías afeccionadas1600 €
Pago de compañía profesional1500 €

XORNADAS

XORNADAS DE PATRIMONIO
Achega do concello: **6000 €**

XORNADAS MAR POR MEDIO
Patrocina Consellaría de Cultura por un valor de20.000 €
Achega do Concello:
Cartelería, trípticos e lona: **2600 €**
Publicidade (pegada de carteis e cuñas).....598 €
COMMEMORACIÓN DO 50 ANIVERSARIO DA BIBLIOTECA

Revistas, carteis, marcapáxinas (Gráficas Ribadeo) **1293'40**
2 Lonas (Rotugraf)..... **326'50**

CAMPAÑA ROUPA LIMPA (benéfico)
Cartelería, portes, proxección de película..... **400 €**

TOTAL GASTOS: 42.112,00 €

TOTAL PATROCINIOS: 97.840 €.

Intervén o Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que si unha pregunta da lugar a unha contestación desa extensión, non sabe se alguén se enterou de algo, e de vez en cando sí, e case agradecería que lla deran por escrito, aínda que non lla lean.

Interven a Sra.Concelleira Delegada de Cultura que manifesta que como se está aludindo sempre aos gastos de Cultura, quere que se saiba o que fai Cultura, o que consegue, e os gastos que ten e o que se consegue doutras Entidades e a oportunidade que ten a xente de Ribadeo de disfrutar desas obras e desas compañías de teatro, e que non ten problemas en facilitalas.

O Sr.Rivas Alvarez dí que se lle pasen por escrito.

En relación ás preguntas formuladas sobre os gastos de publicidade e promoción cultural a Sra.Concelleira responde que no presuposto Cultura ten unha partida específica para publicidade pero é a cartelería para varias delegacións e como referencia ten que dicir que todo o gasto de publicidade da programación do verán foi de 4.415, 05 euros.

En relación aos gastos do proxecto On & Off ascendeu a un total de 65.552,88 euros. E os ingresos se desglosaron do xeito seguinte:

Xunta de Galicia:	20.000 euros.
Xacobeo:	5.000 euros.
Dirección Xeral de Turismo	6.000 euros.
Dirección Xeral do Audiovisual	8.000 euros.
Entidades privadas	3.425 euros
Mister Missto	25.127,88 euros

Preguntas en materia de Medio Ambiente.-

Por parte do Sr.Cupeiro Rodríguez procédese a contestar diversas preguntas que foran formuladas polo Sr.Rivas Alvarez na anterior sesión.

En relación á pregunta formulada sobre o vaciado da bolsa de lixiviados contesta o Sr. Concelleiro Delegado que efectivamente se cree que a raíz dunha denuncia antes das eleccións se fixo unha exposición na prensa, non sabe se con motivos electorais, e se decía que desaparecera a chimenea e que a balsa ía ao río; o SEPRONA actuou de oficio e a Augas de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente mandoulle unha denuncia ao Concello onde se manifesta que está pasando eso, cunha analítica, e o Alcalde solicita a Medio Ambiente un apoio para que bote unha man respecto ao que sucede no vertedoiro en si.

O Sr. Cupeiro Rodriguez procede a exhibir no Pleno unhas fotografías relativas ao vertedoiro clausurado sobre o que versan as preguntas, manifestando que o fai porque logo se vai a ver o aspecto presupostario que ten a cuestión; sinala que a consecuencia de todo isto é que na balsa de lixiviados non se pode de momento tomar ningunha medida ata que se dea autorización pola Dirección Xeral de Avaliación Ambiental ou apoio como se lle solicitou. Que lle ten que dicir ao Sr. Rivas Alvarez que o 12 de xuño de 2001 a Asociación de veciños de Ove manda un escrito denunciando que “ en canto ao 2º punto nos encontramos diante dunha excesiva produción de lixiviados como se pode demostrar cando vaciada a balsa ao cabo de dous días se encontra de novo rebosando. O proxecto contemplaba unha produción máxima de 45 tm. Dende o mes de novembro ou un pouco antes dende o mes de marzo a balsa estivo vertendo ao río que vai a Vilaselán cantidades elevadas de lixiviados supostamente moi perigosos e ao día de hoxe continúa verquendo ou sexa que cando estaba o Sr. Rivas Alvarez que está criticando ao Sr. Pérez Vacas, pero cando estaba rebosaba o río e o denunciou o Concelleiro no uso da palabra naquel entón.”

Prosegue manifestando o Sr. Concelleiro Delegado que respecto á balsa de lixiviados, aparte do vertedoiro ía no proxecto que había que facer unha pista polideportiva e resulta que está hoxe por facer e lle terá que explicar o porqué, cal é o motivo de que houbese que modificar o proxecto do que non se fixo exposición e que non contemplaba a eliminación da pista polideportiva e da Xunta de Galicia lle comunicaron o seguinte que por haber metido no vertedoiro 17.000 m3 de terra procedente de donde sabe o Sr. Rivas Alvarez e que saiu na prensa dicindo que se votaba para facer a pista polideportiva, e que estaba proposta e está sen executar.

O Sr. Rivas Alvarez nega o dito polo Sr. Cupeiro Rodríguez e lle pide que diga de donde dicindo éste que o Sr. Rivas Alvarez saiu na prensa como se pode demostrar dicindo que se botaba esa terra precisamente para poder facer a pista polideportiva e o que ocorreu foi que a pista polideportiva estaba presupostada e esta sen executar pero é que no proxecto que se modificou resulta que para nada consta, como consta aquí, donde as únicas cousas que se ían a modificar era a cuberta, drenaxe e impermeabilización, sistema de extracción de gases e camiño de acceso e para nada a eliminación da execución da pista polideportiva que viña contemplada no proxecto como ben sabe o Sr. Rivas Alvarez.

Prosegue intervindo o Sr. Cupeiro Rodriguez dicindo que é o que ocorre, que é moi fácil facer demagogia na vida política máis fácil e dicir que a chimenea a levaron os xitanos ou non se sabe quen a levou, pero apareceu a chimenea.

O Sr. Rivas Alvarez dí que non a levou ningún, que estaba tapada e nada máis.

O Sr. Cupeiro Rodriguez dí que vai explicar o que supón a balsa de lixiviados para o Concello de Ribadeo e o mero feito de que tivera que actuar de oficio o SEPRONA e o que non fixo o Sr. Rivas Alvarez porque se deu conta do custo e da repercusión económica que tiña para o Concello de Ribadeo e que é a seguinte:

“ É unha balsa de lixiviados donde o proxecto contempla que o 16,5 % da auga pasa a través do vertedoiro e que é unha balsa que se enche todas as semanas, e que levou 300 m3 e que esto ten que valorarse porque non se executou o contemplado na obra de que había que canalizar a balsa de lixiviados á depuradora de Vilaselán, donde está si consta na redacción do proxecto, porque cando o Sr. Rivas Alvarez comezou a vaciar a balsa, vaciou 4 camións e parou e sabe porqué se deu conta do asunto e porque sabía que votando contos 300 m3 son

10, e son 30 camiões coas facturas de 33.000 ptas./ hora , e que vaian facendo contas, 2.000.000 de ptas., e debe multiplicarse polo número de semanas, e xa lle chega; que considera que o Sr.Rivas Alvarez ven coa demagogia de baleirar a balsa de lixiviados e é so a balsa, e que se encontrou con esto, -exhibe unha foto o Sr.Cupeiro Rodriguez , de vexetación frondosa-, e lle pregunta ao Sr.Rivas Alvarez se cree que creceu nun ano, dous, tres ou catro ao que resposta o Sr.Rivas Alvarez que non.

Prosegue a intervención do Sr.Cupeiro Rodriguez dicindo que dende que o Sr.Rivas Alvarez foi responsable do vertedoiro non se voltou limpiar, e o sabe tamén e senon lle ensina a filmación, e non so é culpable o Sr.Pérez Vacas, senon tamén o Sr.Rivas Alvarez e que é máis fácil facer demagogia porque o que non pode pasar é que a lona ou o arquitecto que llo fixo, que lle poida poñer para soportar a lona este tipo de tubos , porque está tirado e recoñecido polo persoa que veu a controlar esto e que se asombrou, e se o proxecto de Medio Ambiente do Sr.Rivas Alvarez é que o tiña rebosado dous anos, reitera o da demagogia e considera que é un oportunista o Sr.Rivas Alvarez porque tan pronto ve unha bolsa de plástico enriba dun contenedor vaise ao Progreso e á Cope a dicilo, e o único que fixo polo Medio Ambiente, foi facerlle dano porque o que buscou foi o seu, sair na prensa e todo lle importaba pouco e tampouco o Partido.

O Sr.Rivas Alvarez dí que lle están faltando ao respecto.

Intervén o Sr.Alcalde que dí que lle retira a palabra ao Sr.Rivas Alvarez e que a orde do Pleno a leva o Alcalde, e en segundo lugar que as preguntas non se debaten e en terceiro lugar que prega rapidez na contestación das preguntas para non dar lugar a debates.

O Sr.Cupeiro Rodriguez dí que é verdade que existen vertedoiros incontrolados, e que non sabe se moitos ou poucos, e é unha loita que ten, e se están poñendo en contacto coas persoas autorizadas para efectualo a través dunha subvencion, e que efectivamente hai poucos cartos e os van a retirar en canto poidan, pero teñen pouca financiación para Medio Ambiente para este tipo de traballos.

En relación á pregunta da Casa da Ría quere dicir que tamén está en marcha e lee unha contestación da Xunta de Galicia donde lle dín que despois de recibir un escrito do Concelleiro sobre a Aula da Natureza de Santa Cruz, non haberá ningún problema para poder axudar ao Concello a cofinanciar nos meses de verán algo que lóxicamente van a facer, e é unha Consellería do PSOE, e lles atenden bastante ben.

O Sr.Pérez Vacas do Grupo Municipal Socialista intervén matizando que é unha Consellería do Goberno.

En canto á pregunta sobre as xornadas de Medio Ambiente contesta o Sr.Cupeiro Rodriguez que este ano non se fixeron porque correr excesivamente cando acaba de entrar un equipo non conducía a nada, e hai que buscar a financiación e non tivo tempo para poder organizar, e para o ano que ven ou no prazo de catro anos, se van ter unhas xornadas, e se pode ser o próximo ano, e senon cando sexan que van ser sonadas.

En relación á pregunta da recollida do cartón manifesta o Sr.Cupeiro Rodriguez que está coa articulación e que se queixaba o Sr.Rivas Alvarez dos dous días de recollida, pero a filosofía da Xunta de Galicia é a de dilatar o máximo tempo posible, e por iso estaba en dous días, e que ao mellor había que facer máis pero que se vai articular así cunha subvención para 2 quilos por habitante e ano, e o vai pagar Ecoembes, e quere significar que xa se recolle menos cartón que nos primeiros días. O Sr.Rivas Alvarez dí que moito van dar e o Sr.Cupeiro Rodriguez lle contesta que van a ser 20.000 quilos e senon que vaia o Sr.Rivas ao ordenador a ponerse ao día. O Sr.Rivas Alvarez lle pregunta se lle van a dar subvención para 20.000 quilos, e se sabe que vai ser así. O Sr.Cupeiro Rodriguez resposta que sabe quen vai financiar a recollida, en principio dese xeito, e logo como sexa necesario, pero o primeiro

era saber que é o que necesitaba Ribadeo, e sabe que o comercio hoxe está contento coa recollida , aínda que poida haber fallos e pode habelos, e que respecto a canto vai costar, cree que nada, que vaise subir o prezo do lixo para sufragar o gasto pero xa ve que non para o cartón.

Prosegue sinalando que non é somentes iso senon que agora mesmo están tamén en recoller o vidro, porta a porta, no casco vello e probablemente tamén lles salga gratis, e diso algún non se entera, e que lle pode dicir respecto ao tema das papeleras que todos saben que fai falta que non son tontos e que Ribadeo é deficiente en papeleiras, pero a cuestión é ter dotación presupostaria e que van poñer moitas e que son necesarias moitas cousas en Medio Ambiente e que sabe onde están as cidades que o fan mellor e que sabe ler e buscar a través da informática e de Internet.

No que respecta a preguntas sobre a limpeza do observatorio de Aves, este verán tivo que escoitar na Cope e noutros medios contar atropellos contra o Concelleiro no uso da palabra por non desbrozar en Rede Natura , e non é porque non o solicitara, e fai mención a que o 12 de xuño de 2007 houbo unha denuncia por desbrozar en Rede Natura nas Catedrais, e por Secretaría se fixo unha alegación para intentar xustificar que non había goberno e para reducir a sanción de 600 euros a 90 e ocorre que logo se solicitou aos 11 días unha autorización e se contestou o 28 de setembro autorizando para desbrozar.

O Sr.Concelleiro no uso da palabra pregunta se hoxe está limpo e resposta que se fixo despois de que concederan a autorización e que non foi por desidia do Concelleiro senon foi simplemente porque non lles deron autorización por non ter solicitada a tempo e que pode facer as cousas cando pode, e sinala que aquí ten a documentación.

No que se refire á pregunta sobre o contedor de cartón que había á beira da piscina quere dicir que se cambiou.

Respecto ao adecentamento do albergue de peregrinos, non é so o tema, senon que hai as balsas de recollida das feces humanas que rebotan e ten que resolvelo e hai que lograr que non produza cheiro.

No que se refire aos postos do mercado semanal son 80 postos que lle certificaron.

Manifesta tamén o Sr.Cupeiro Rodriguez que ás veces é un pouco visceral e ten que pedir desculpas, pero pola forma, e que a demagogia en política non lle gusta, e que pensa que o que vai de boa fe lle admite o erro, pero non cando se vai con demagogia, e o que lle queda no vertedoiro é moi duro, e o Concello de Ribadeo non deberá poñer un peso, porque agora será a Consellería e a Dirección Xeral de Avaliación Ambiental a que axude, a ver como , e que o gasto será considerable e que Deus lles aparte se a analítica dera mal con produtos tóxicos.

En relación á pregunta sobre os contenedores de vidro resposta o Sr.Cupeiro Rodriguez que son moitísimos e que non sabe se o Sr.Rivas Alvarez mandou lavar algunha vez os contenedores de vidro (o Sr.Rivas Alvarez dí que sí). O Sr.Cupeiro Rodriguez dí que levaban moitos anos sen lavar e os contenedores orgánicos moito tempo e lavounos seis veces e outros catro, a maioría e vense lavar todos os de vidro e os que están precarios repararse e vense lavar todos, e manifesta que quere dar un servizo ao Concello e o Sr.Rivas Alvarez repregunta polo número de contenedores e o ratio, e o Sr. Cupeiro Rodriguez maniféstalle que ten os datos pero non os atopa, e que o que lle importa é dar un servizo ao Concello de Ribadeo e non lle importa máis o número senon que se recolla ben o vidro, e que o ratio está moi por enriba de calquera outro Concello.

Toda vez que se interpelean mutuamente o Sr.Cupeiro Rodriguez e o Sr.Rivas Alvarez o Sr.Alcalde lles dí que non hai debates nas preguntas.

NOVOS ROGOS E PREGUNTAS.-

Rogos e Preguntas do Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI.-

-O Sr.Rivas Alvarez do Grupo Municipal de UPRI formula o rogo de que se solicite ao Ministerio de Fomento que dote dunha capa de rodadura a nacional N-642 que tivo bastantes accidentes coas chuvias e pide que se envíe un escrito no que se pida a capa de rodadura nova.

O Sr.Alcalde manifesta que acepta o rogo.

-O Sr.Rivas Alvarez formula outro rogo respecto ao contenedor de papel e cartón á porta do Centro de Saúde que está roto e pide que se cambie.

-Asimesmo formula unha pregunta o Sr.Rivas Alvarez dicindo que xa non sabe se a ten que facer , e llo pregunta á Alcaldía donde se depositan os escombros da rúa Dionisio Gamallo, e se o sabe o Concelleiro,que dixo que estivo no observatorio de aves, e sinala que cree que é a mesma empresa que está tirando os escombros propios, e que os do Concello deberían ir ao vertedoiro;Pola Alcaldía se dí que se trata de Xestión Ambiental de Contratas e que den ir ó vertedoiro.

O Sr.Rivas Alvarez asimesmo dí que ten outro tema e que lle contestaron as persoas de limpeza que os propios barrendeiros tiñan que comprar as escobas e que non sabe se é verdade, pero por favor por precaria que sexa a situación económica, que non se produza. O Sr.Alcalde lle pregunta que quen llo comentou e que este dí que foron persoas do servizo. O Sr.Alcalde lle contesta que tamén ao Alcalde lle poden comentar cousas do Sr.Rivas.

O Sr.Rivas asimesmo formula unha pregunta sobre as obras de San Lázaro e Deputacion que se dixo pola Alcaldía que se farían despois das Festas patronais. O Sr.Alcalde lle contesta que non dixo de cales, e o Sr.Rivas lle dí que é importante iso e o Sr.Alcalde á súa vez lle dí que xa o contestou fai un cuarto de hora e non debía estar atendo o Sr.Rivas Alvarez, dicindo este á súa vez que o reitera para que conste en acta dúas veces. O Sr.Alcalde dille que están traballando para resolvelo canto antes.

Formula asimesmo unha pregunta o Sr.Rivas Alvarez sobre o Polideportivo vello se as obras están paralizadas , contestando o Sr.Concelleiro delegado Sr.Castro Reigosa que estase rematando e estarán rematadas e xustificadas.

Pregunta asimesmo o Sr.Rivas Alvarez cantos expedientes por infraccións urbanísticas se abriron neste mandato, contestando o Sr.Alcalde que o descoñece agora mesmo.

Pregunta tamén o Sr.Rivas Alvarez cando se vai a convocar a Comisión de seguimento do Centro Comercial Aberto respndendo o Sr.Alcalde que canto antes.

Pregunta igualmente se houbo algunha actuación para a execución de sentencias firmes, respstando o Sr.Alcalde que o descoñece e que contestará no próximo Pleno.

O Sr.Rivas Alvarez a continuación pasa a referirse a unha carta dos veciños de Ove que exhibe lendo un párrafo que dí “ o Sr.Rivas e outros venderon a bombo e platillo invisibles” o Sr.Alcalde dí ao Sr.Rivas se é un rogo ou unha pregunta, dicindo éste que se trata

dunha pregunta e prosegue a lectura dun escrito no que dí: “ Anuncian en prensa que a dedicarán a producir enerxía eléctrica para toda a parroquia “.

O Sr.Rivas dí que pide que se lle enseñe un recorte de prensa por parte do equipo de goberno de donde dixo iso.

O Sr.Cupeiro Rodriguez pregunta ao Sr.Rivas Alvarez esa carta quen a mandou , e o Sr.Rivas Alvarez lle contesta que un tal Horacio Cupeiro.

O Sr.Cupeiro Rodriguez á súa vez repregunta se iso o mandou o equipo de goberno e dí que o mandou a persoa de Horacio Cupeiro.

O Sr.Rivas a súa vez afirma que é un membro da Corporación e o Sr.Cupeiro Rodriguez lle pide que non confunda os termos porque confunde o touciño coa velocidade, e procede a chamar demagogo ao Sr.Rivas Alvarez.

O Sr.Alcalde manifesta que esa pregunta non procede e non se vai contestar porque non forma parte dos asuntos que unha Corporación e os seus membros deben discutir.

Preguntas do Sr. Pérez Vacas, do Grupo Municipal Socialista.-

Por parte do Sr.Pérez Vacas se dí que manifesta que vai formular catro preguntas.

A primeira é se se poden facilitar a canto ascenderon as facturas emitidas de medios de comunicación orais e escritos a cargo do Concello dende o 1 de xaneiro de 2006 ata hoxe coa explicación do concepto do gasto e delegación municipal ou Alcaldía que as xenerou, publicidade , custo de compra de xornais, e custo de publireportaxes, e que non quere que lle contesten agora.

Formula unha segunda pregunta que é que o pasado 30 de xuño de 2007 remataban os prazos dos convenios asinados dos tres aparcadoiros provisionais do Concello cos titulares dos terreos, en Rosalía de Castro, Daniel Cortezón e o limítrofe co existente, formalizados polo anterior Alcalde e a pregunta é se se renovaron estes convenios e na actualidade se é de responsabilidade algunha do Concello sobre os aparcadoiros e quen correrá coas posibles responsabilidades por accidentes ou danos que se poidan producir por non ter prorrogado ou asinado un novo convenio.

Formula unha terceira pregunta relativa a que os pasados días tivo lugar no Concello a apertura da Mesa de Negociación do persoal funcionario e do laboral e á Mesa asistiu o Sr.Alcalde cun asesor externo da Alcaldía que foi presentado como tal e que non lles parece razoable ao Grupo Socialista que existindo un Asesor xurídico e Interventora que son de toda a Corporación e cobran con cargo a fondos municipais non asistan e se traiga un asesor externo. A pregunta é se existe algún contrato para esta persoa ou resolución ou nomeamento e que tipo de relación contractual e canto lle vai costar ao Concello esa asesoría e con cargo a que partida presupostaria se aboarán eses gastos.

Asimesmo formula unha cuarta pregunta relativa a que publicouse en diferentes medios de comunicación que o 27 de setembro de 2007 houbo un encontro gastronómico de Villas marineras no Hotel Ritz e se trata de promocionar as localidades esta vez a través dese acto e asistiu , según se dí en Onda Cero e en La Voz de Galicia, dona Azucena González Loredó, Xerente da Fundación da Mariña Oriental en representación do Concello e formula as seguintes preguntas:

-¿Si a este acto asistiu algún membro da Corporación municipal ribadense?

-¿Si dona Azucena González Loredó forma parte do grupo municipal de goberno do Concello de Ribadeo?

-¿Si media decreto, resolución ou nomeamento para a representación desta persoa no nome do Concello de Ribadeo?

-¿Con cargo a que partida presupostaria se sufragarán os gastos orixinados por esa representación de viaxe e estancia en Madrid?

- Se se lle comunicou pola Dirección Xeral de Desenvolvemento rural a presenza sen vinculación algunha coa Corporación de Ribadeo a este acto celebrado en Madrid.

O Sr.Alcalde contesta que esta pregunta quere contestala e que non fai as información de prensa, o que dí o Sr.Pérez Vacas, que esas información non foron desmentidas por ninguén, o que a súa vez replica o Sr.Alcalde que non lle parecen tan importantes como para que se desmintan, e non o ten que desmentir.

O Sr.Alcalde contesta que non foi nadie do equipo de goberno e que se foran ía ser motivo de pregunta e dirían que deixan descuberto o Concello e que foi a unha cuchipanda en Madrid, etc. e que non foron porque tiñan moitas cousas por facer e preferiron non ir. En relación a se a Sra.gonzález Loredó é membro do goberno resposta que non que esa persoa é xerente da fundación da Mariña Oriental que depende da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería do Medio Rural.

Respecto a se media algún Decreto , non media ningún porque non é membro da Corporación e polo tanto non pode delegar pero si que pode dicir que ademáis de ser xerente da Mariña Oriental está delegada ou designada e non sabe se media algún decreto ou non porque non lle compete sabelo , polo seu Delegado Provincial da Consellería de Medio Rural e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural para que coordine os temas de turismo relativos á Xunta de Galicia con toda a Comarca de A Mariña, e polo tanto o Alcalde no uso da palabra pareceulle unha cousa na que xa estaba adicada a xestionar e impulsar o tema do turismo que tiña que ver coa Xunta e podía botarlles unha man de paso que estaba ahí por mor do seu cargo na fundación que tamén representa ao Concello de Ribadeo, co que lles facía un favor aos membros do Goberno de aquí , que lles aforraron unha dieta ao Concello e non foron alí.

Que pensa que estivo ben representado o Concello de Ribadeo e polo tanto non hai ningunha partida orzamentaria á que lle deban imputar ningún gasto e o Director Xeral de desenvolvemento local sabe perfectamente xa que foi él máis o Delegado da Consellería quen a convidaron a que impulsara o ámbito do turismo na Comarca e por extensión Ribadeo.

Rogos e Preguntas do Grupo Municipal Popular.-

-O Sr.López Penabaz do Grupo Municipal Popular formula o rogo de que no parque infantil se poña unha barreira para que non salgan os nenos hacia os taxis de tal xeito que non sexa tampouco unha barreira para os minusválidos, e pide que se instale como medida preventiva.

Polo Sr.Alcalde contestase que o estudiará pero que ten que ter en conta que están ahí os taxis;que se compromete a estudialo e en todo caso dará conta do resultado a ver como se pode artellar.

-O Sr.Duarte Díaz, do Grupo Municipal Popular pasa a preguntar pola existencia dun bache na Rúa Recarei que non é un bache, que é un socavon.O Sr.Alcalde contesta que se compromete a resolvelo nesta semana.

-Formula outra preguynnta o Sr.Duarte Díaz sobre a Rúa Calvo Sotelo, mencionando que se atopa descarnada, desalquitrada , dende o principio da rúa , no Cine Teatro e que o día que chove, pobres dos peóns, e pide que se tapen os socavons.

-Igualmente o Sr.Duarte Díaz manifesta que volta a interesarse polo canalón da obra da que xa falou;dirixíndose ó Sr.Castro Reigosa se refire a que este sabe cal e a obra e a viu.O Concelleiro interpelado responde que efectivamente o viu e que mandou a Policía local para

que levantara parte e avisaran aos da obra de que o modificaran aproveitando unha visita á obra.

-O Sr.Duarte Díaz dí tamén que ten que dar a noraboa ao Sr.Alcalde por atender no seu ámbito á xente , pero na rúa fai mais laboura e o vai explicar, que foi un día que coincidiu co Alcalde e que ía cun arquitecto do ARI e a beirarrúa de Calvo Sotelo ten 25 metros máis ou menos de beirarrúa que quedou impecable e o que hai que mirar é o día a día dos cidadáns de Ribadeo.

-O Sr.Duarte Diaz do Grupo Municipal Popular pide tamén que se retire en Ramón González un sinal de tráfico que hai da Cope para alá e que indica dirección única á esquerda cando se pode circular en ambos sentidos.

-O Sr.Duarte Diaz igualmente formula a pregunta de porqué se taparon cinco tapas de sumidoiros de Amando Pérez dende o Oviedo Bar, con cemento .

O Sr.Alcalde contesta que non se acorda que preguntoullo á AQUAGEST e era unha razón fundada, que non recorda, por unha cuestión técnica importante e por algo bo para os veciños .

-O Sr.Duarte Díaz, do Grupo Popular pregunta igualmente se se sabe aproximadamente cando vai comezar o parque de indianos e o Sr.Alcalde lle contesta que sen ánimo de ser irónico que en breve. O Sr.Duarte Díaz, manifesta que se é en breve e mentres haxa esa situación pide que se poñan as luminarias para que se alume, xa que aquilo parece “o túnel do medo”.

Intervén o Sr.Cupeiro Rodriguez que dí que tivo unha reunión sobre o parque de indianos que se ía escomezar pero que houbo un pequeno erro de medicións no proxecto e foi fai un mes e agarda que viñeran da Delegación a ver o sitio e constatar as medidas que tiñan no proxecto e que non coincidían por un erro.

-Intervén a continuación o Sr.Rodriguez Andina do Grupo Municipal Popular que dí que quere formular un rogo e unha pregunta:

O rogo é unha proposta que ía ir ao presuposto pero como non lles deixaron participar ten que ir a través dun rogo.

Se trata dunha proposta de adecuación do entorno do Colexio Sagrado Corazón, rúa Lazúrtegui e Carlos III, que fundamentalmente está absolutamente feito un desastre e están sendo pateadas esas zonas por moitísima xente, pícaros e maiores e debe facerse asfaltado, beirarrúa, iluminación pública,e iso é o que consta e retirada do vertedoiro incontrolado no entorno da Estación vella e actuacións de seguridade no edificio da antiga Estación do Ferrocarril, porque aquilo está tamén temblando; que teñen unha proposta concreta , para este ano , con esos sobrantes dos ingresos que vai ter gracias aos traballos do Concelleiro Delegado de Economía e que sería asfaltar esas rúas, que son rúas pequenas, a de Carlos III e a de Julio Lazúrtegui e Travesía fronte á Estación Vella, que teñen furados por todas as esquinas, e de cartos so iso, o outro sería, o do vertedoiro e as actuacións de seguridade, que non son gasto, e para o ano 2008 as beirarrúas e a iluminación.

O Sr.Alcalde dí que acepta o rogo e manifesta que foi a unha reunión coa Directiva da Asociación de país e nais do Sagrado Corazón e tamén lles transmitirá iso e que agarda que nos próximos días poida tapar para saír do paso da situación, pero que é consciente de que se debe facer unha actuación de maior embergadura, pero que claro, non teñen a plusvalía e non saben como se vai facer.

O Sr.Suárez Barcia asimesmo manifesta que respecto á Estación vella do ferrocarril poden facer o que queiran entre todos pero pouco máis poden facer que telo así, e o que teñen que facer entre todos é aprobar o Plan Xeral municipal para desenvolver ese polígono para que se resolva e se recupere e quede unha fachada de Ribadeo perfecta con ese viario de acceso que tería a Estación vella de ferrocarril perfectamente operativa para un Muso do tren ou o que a Corporación quixera poñer.

O Sr.Rodríguez Andina resposta que coas baixas das obras.

Manifesta tamén o Sr.Rodríguez Andina que quere facer tres preguntas e que pasa a formular de seguido:

A primeira pregunta do Sr.Rodríguez Andina é se o Alcalde ten constancia oficial da entrega a este Concello dunha furgoneta por parte da Consellería de Pesca. O Sr.Alcalde contesta que agora sí pero que xa que quedan dez ou doce minutos para as doce non lle chega se ten que contar as peripecias da furgoneta.

Toda vez que o Sr.Rodríguez Andina reitera a pregunta o Sr.Alcalde dí que sí pola realidade dos feitos, e o Sr.Rodríguez Andina dí que xa sabe que soa a broma a pregunta e a segunda tamén pero a terceira ao mellor sona a menos broma.

Formula unha segunda pregunta o Sr.Rodríguez Andina dicindo que xa que o Alcalde coñece a existencia desta furgoneta se pode dicirlle se posúe toda a documentación necesaria para formular polas estradas.

O Sr.Alcalde dí que descoñece agora mesmo e sabe que lle fixeron un seguro hai poucos días despois de que estivera aquí , porque entende que cando chegou aquí chegou sen seguro, pero non sabe se a Consellería de Pesca tiña un habilitado pero o Concello non porque finalmente descoñecía iso.

O Sr.Rodríguez Andina, dí que agora ten que facer unha aclaración, que é o mais grave, porque sucedeu hoxe pola mañá no Parlamento e por iso de alí veñen as preguntas. Resulta que parece ser que hai algún (e fala aquí politicamente) porque si lle chama “miserable” ao mellor ten que ir a donde xa foi algunha vez a algún sitio, e igual ten que voltar, e non quería, pero no Parlamento esta mañá, á vista do que sucedeu , que parece que algún alto cargo resulta que pretende descargar a responsabilidade nunha persoa que traballa neste Concello , non dun político, senon dunha persoa que traballa no Concello , e claro cree que isto é un rogo que ao mesmo tempo é unha pregunta e é que cree que o Alcalde deberá dicir algo, públicamente e manifestarse públicamente en que consiste a situación porque este traballador do Concello que seguramente foi alí sen comelo nin bébelo se pode encontrar con algún tipo de problema, que dendo logo non merece, e lle parece que iso deberá facelo porque supón que como o Alcalde sabe concretamente como aconteceu o da furgoneta.

O Sr.Alcalde contesta que hoxe sí , pero que tardou dous días en sabelo, e que a día de hoxe o sabe perfectamente e non terá ningún problema en dicir a verdade e mañá xa tiña previsto porque lle sorprendeu esa contestación no Parlamento por parte da Dirección Xeral de Pesca ou de Recursos Mariños ou algo así e lle parece impropio dun cargo , e que mañá teraa con máis detalles.

E sen máis asuntos que tratar sendo as vintetres horas e cincuenta e cinco minutos, levántase a sesión polo Sr.Alcalde-Presidente, estendéndose a acta presente, da que como Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,